

## **ACTA NÚM. 12 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA TRINTA E UN DE XULLO DE 2014.**

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **dezasete horas e trinta minutos** do día **trinta e un de xullo de 2014**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

### **A S I S T E N:**

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas, Alcalde-Presidente.

### **CONCELLEIROS/AS:**

Don Ángel Benito Currás Fernández.  
Dona María de los Reyes Leis Rodríguez.  
Don Luís Meijide Rodríguez.  
Don José María Rosende Rico.  
Dona Marta González Vázquez.  
Don Ramón Quiroga Limia.  
Don Manuel Martínez Varela.  
Dona María José Corral López.  
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.  
Dona María Jesús Amparo Sáinz García.  
Dona Teresa María Gutiérrez López.  
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.  
Dona Mar Martín García.  
Don Benardino Higinio Rama Seoane.  
Dona Mercedes Rosón Ferreiro.  
Dona Marta Álvarez-Santullano Fernández-Trigales.  
Don Francisco Reyes Santiás.  
Don Gonzalo Muiños Sánchez.  
Don José A. Baqueiro Canabal.  
Dona M<sup>a</sup> de los Ángeles Gómez Bugallo.  
Dona Rosario Valledor Puente.  
Don Rubén Cela Díaz.  
Dona Elvira Cienfuegos López.  
Don Rafael Xesús Vilar González.

Dna. Ana Gago Fernández, Viceinterventora do Concello.

Juan Manuel Salguero del Valle, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

**ORDE DO DÍA:**

- 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 26 de xuño de 2014 (núm. 10/14).**
- 2. Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria do día 8 de xullo de 2014 (núm. 11/14).**
- 3. Aprobación definitiva do estudo de detalle no ámbito das Casas de Ramírez.**
- 4. Toma de coñecemento da aprobación definitiva da modificación puntual do plan xeral de ordenación municipal e do plan parcial no ámbito do SUNP-31 (San Marcos).**
- 5. Determinación de festivos locais para o ano 2015.**
- 6. Proposta da Alcaldía de designación de representantes do grupo municipal popular en organismos supramunicipais, organismos autónomos, fundacións, sociedades mercantís con participación municipal e consellos sectoriais de actuación municipal.**
- 7. Proposición do grupo municipal do PSdeG-PSOE, relativa ao Camiño Inglés.**
- 8. Dar conta do informe de morosidade correspondente ao segundo trimestre de 2014.**
- 9. Dar conta da documentación remitida ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas correspondente ao segundo trimestre do exercicio de 2014, relativa ao seguimento do Plan de Axuste.**
- 10. Dar conta de persoamentos, sentenzas e outras incidencias en recursos contencioso-administrativos.**
- 11. Dar conta de resolucións da Alcaldía de designación de representantes do grupo municipal popular en Comisións Informativas; de nomeamentos de concellarías delegadas; celebración sesións da Xunta de Goberno; nomeamento de membros da Xunta de Goberno e Tenentes de Alcalde, e de dedicacións exclusivas e parcial.**

**12. Dar conta de resolucións da Alcaldía, das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela.**

**13. Rogos e preguntas.**

**14. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais.**

Cumpriméntase así:

**1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 26 DE XUÑO DE 2014 (NÚM. 10/14).**

O señor Alcalde pregunta se teñen algunha observación que formular ao respecto.

Don Francisco Reyes Santiás indica que nesta acta do pleno ordinario na páxina 10, no último parágrafo, terceira liña, fálase de traballadores de dito seminario cando se estaba a falar de obradoiro, polo tanto, entende que se debe cambiar a verba seminario por obradoiro.

O señor Alcalde sinala que se incorpora esa corrección e somete dita acta a aprobación.

Apróbase a acta da sesión ordinaria do día 26 de xuño de 2014 (núm. 10/14) por unanimidade, coa corrección indicada.

**2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 8 DE XULLO DE 2014 (NÚM. 11/14).**

O señor Alcalde pregunta se teñen algunha observación que formular.

Don Francisco Reyes Santiás expón que na segunda páxina no parágrafo terceiro polo final cando se dí “... indico que acto seguido tomarán posesión os/as concelleiros/as electas ao abeiro do disposto no artigo 182.2 da LOREG”, en realidade deberíase mudar a verba electas por designados/as, de conformidade co disposto nese artigo 182.2.

O Sr. Alcalde sinala que se admite dita apreciación e a seguir sometéa á aprobación do pleno, quedando aprobada por unanimidade, a acta da sesión extraordinaria do día 8 de xullo de 2014 (núm. 11/14).

**3. APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE NO ÁMBITO DAS CASAS DE RAMÍREZ.**

O informe que emitiu a xefa da sección de xestión urbanística o 14 de xullo de 2014 en relación con este asunto é o que a seguir se transcribe:

### **“1. Obxecto e contido do Estudo de detalle**

O Estudo de detalle de referencia fórmase de oficio polo Concello, a través dos servizos técnicos de Planeamento e Xestión, e ao abeiro do previsto polo artigo 73.1.c) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), co obxecto de concretar as condicións estéticas e de composición do conxunto edificatorio catalogado A-56, coñecido como Casas de Ramírez, delimitado polas rúas República Arxentina, San Pedro de Mezonzo, Frei Rosendo Salvado e Ramón Cabanillas.

O instrumento pretende garantir a coherencia formal e o mantemento e recuperación da concepción unitaria do conxunto, en congruencia cos obxectivos de protección definidos na normativa do Plan especial de protección do patrimonio construído (ficha nº 72), segundo a Modificación que resultou definitivamente aprobada polo Pleno Municipal o 31 de xaneiro de 2013.

Cos anteditos fins, o Estudo de detalle establece a unidade mínima de intervención en función do tipo de actuación que se pretenda realizar, e sinala os criterios aos que haberán de axustarse as intervencións que afecten á fachada e ás cubertas, á disposición de ocos e á carpintería exterior, ao tratamento dos patios, portais e accesos, terrazas e zonas porticadas, á implantación de ascensores e outros elementos de accesibilidade ou de comunicación vertical, así como á iluminación dos soportais e á instalación de rótulos, toldos, canlóns, etc.

Polo que atinxe á unidade mínima de intervención, o proxecto distingue segundo o tipo de actuación de que se trate, e segundo se afecta ou non aos baixos comerciais dos bloques tipo A. Para estes -situación I-, cuxo estado actual amosa unha significativa falta de unidade e coherencia, permítense as actuacións limitadas a cada vivenda ou local, precisamente co obxectivo de incentivar a súa reforma e adaptación aos criterios definidos no Estudo de detalle, que permitirían recuperar, polo menos en parte, a concepción orixinal.

Para as actuacións nos baixos comerciais dos bloques tipo B, ou nas plantas altas dos bloques tipo A e B, distínguense varios supostos:

- Admítese a actuación independente en cada local ou en cada vivenda só se afecta ao seu interior ou se limita á retirada de elementos desconformes e/ou substitución polos modelos autorizados.

- As actuacións que afecten a patios comúns, portais, escaleiras de acceso e núcleo de comunicación vertical, incluído ascensores, poderán autorizarse en cada edificio.

- As actuacións de mantemento e conservación de fachadas e cubertas poderán autorizarse en cada bloque, agás as que supoñan a incorporación de elementos non orixinais, como os tratamentos na envolvente de fachada, suposto nos que se requiriría a intervención no quinteiro.

- Esixirase a intervención na totalidade do conxunto catalogado para calquera actuación que supoña unha alteración significativa na percepción do conxunto, como por exemplo o cambio de cor das fachadas ou do material de revestimento, as actuacións nos elementos porticados e nas terrazas, a cubrición de patios, a instalación de celosías ou de cubretendais, así como calquera outra susceptible de alterar a percepción unitaria do conxunto.

Polo que atinxe aos ascensores, adóptase o modelo do Anteproxecto de rehabilitación para adecuación funcional en materia de accesibilidade, redactado polos arquitectos Óscar e Iván Quintela, que foi autorizado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural en decembro de 2010. A solución tipo adoptada supón a substitución do actual núcleo de escaleiras por outro de nova factura que inclúe a caixa do ascensor en posición central e resolve a escaleira en dous tramos de directriz curva.

Segundo se explícita na memoria do documento, o Estudo de detalle non modifica usos, edificabilidades, nin as actuacións permitidas ou prohibidas no ámbito en función do grao de protección aplicable ao conxunto catalogado, nin tampouco altera ningunha outra determinación establecida na citada Modificación puntual do Plan especial, limitándose, como dixemos, a establecer criterios compositivos e a definir as características formais e materias que deben seguir as distintas actuacións que podan ser autorizadas no ámbito por aplicación desa normativa de rango superior, así como o ámbito mínimo en que as ditas actuacións poden ser realizadas e que dependerá da incidencia que poida ter cada tipo de intervención na percepción unitaria do conxunto.

## **2. Tramitación**

En aplicación do procedemento regulado polo artigo 86.2 da LOUG, o Estudo de detalle aprobouse inicialmente pola Xunta de Goberno local o día 31 de outubro de 2013 e someteuse a información pública durante o prazo de vinte días mediante anuncios que para o efecto se publicaron no Diario Oficial de Galicia do día 5 de decembro de 2013 (nº 233) e no xornal El Correo Gallego de data 4 de decembro. Simultaneamente practicouse citación persoal aos propietarios dos predios afectados, segundo figuran no Catastro, e publicouse o correspondente edicto no Boletín Oficial da Provincia nº 219, de data 18 de novembro de 2013.

Durante o trámite de información pública non se formularon alegacións.

O Estudio de detalle obtivo o informe favorable da directora xeral do Patrimonio Cultural, asinado o 13 de maio de 2014 (expediente 2013/733).

### **3. Proposta de aprobación definitiva**

En consecuencia, propónse ao Pleno municipal adoptar o seguinte ACORDO:

\* APROBAR DEFINITIVAMENTE o Estudio de detalle que define os criterios compositivos e estéticos de aplicación no conxunto catalogado A-56 (Casas de Ramírez), formulado de oficio polos servizos técnicos municipais, sen modificacións respecto do inicialmente aprobado.

En cumprimento do esixido polo artigo 92.2 da LOUG, o acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia, no que se inserirá así mesmo a normativa urbanística aprobada.”

A concelleira delegada da área de desenvolvemento urbano e sostible presentou o 15 de xullo seguinte unha proposta co obxecto de adotar o acordo do epígrafe.

Achegado ao expediente figura o informe que emite a dirección xeral de patrimonio cultural remitido ao concello con data 22 de maio de 2014.

Don Francisco Reyes Santiás alude ao artigo 67 en relación co artigo 73 do Regulamento do pleno e di que no Título oitavo referente ás comisións informativas de estudo, informe e proposta, o artigo 118 no punto 2 indica que cada comisión terá un presidente ou presidenta efectivo que será elixido dentro dos seus membros pola propia comisión na sesión constitutiva, e nomeado polo presidente ou presidenta do pleno. No artigo 119 o punto 1, que fai referencia ás regras, a primeira regra di que en todo caso requirirase asistencia do presidente ou presidenta, e do secretario ou secretaria da comisión para que se constituía validamente a comisión. Ao respecto di que eles non ven nas actas que se fixera a elección dos presidentes, polo tanto, atoparíanse diante dunha situación de inseguridade xurídica. Calquera veciño ou veciña podería presentar un recurso ou unha reclamación entendendo que a comisión non estaba ben constituída. Eles propoñen a retirada deste punto da orde do día, que as comisións se constituán, e que para o próximo pleno, vaian os puntos na orde do día.

Pido a palabra e sinalo que as comisións informativas están constituídas ao principio do mandato corporativo. Agora o que se fai é substituír os membros orixinais polos novos membros. É dicir, a presidencia efectiva recae sobre a concelleira de urbanismo.

Engado que os ditames das comisións informativas son preceptivos, pero non vinculantes, independentemente de ir a unha comisión informativa, o pleno é quen adopta o acordo correspondente.

Don Francisco Reyes Santiás retruca que cando don Ángel Currás pasou a ser novo Alcalde, presidiu as comisións e as primeiras veces que se convocaron as comisións, sendo el Alcalde, presidiunas e elixíronse os novos presidentes das comisións, polo tanto, agora entende que se tería que facer o mesmo.

Ten razón o secretario cando di que non serían nulos de pleno dereito os acordos das comisións, pero sí poderían ser anulables, e polo tanto, reitera a inseguridade xurídica sobre dita cuestión. Esa é a súa interpretación, e a súa proposta, precisamente, para salvagardar a seguridade xurídica. Di que solicitan un informe do secretario xeral do concello nese sentido, e tamén que conste en acta o seu plantexamento e a súa proposta.

Dí o señor Alcalde que toma nota da solicitude do portavoz do Partido Socialista. A seguir di que existe unha comisión informativa na que se tratou este punto consistente na aprobación definitiva do estudo de detalle no ámbito das Casas de Ramírez e pregunta se queren facer algunha intervención ao respecto. A seguir e para explicar o alcance do contido do ditame concede o uso da palabra á concelleira delegada e tenente de alcalde, Teresa Gutiérrez López.

Dona Teresa Gutiérrez López di que o estudo de detalle establece unha unidade mínima de intervención en función do tipo de actuación que se pretende realizar, e sinala os criterios aos cales se teñen que axustar as intervencións que afecten ás fachadas, ás cubertas, ás disposicións de ocos, ás carpinterías exteriores, tratamento dos patios, portais de accesos, terrazas, e zonas porticadas, así como á implantación de ascensores e outros elementos de accesibilidade ou comunicación vertical, ás iluminacións dos portais, á instalación de rótulos, toldos, canalóns, e outros elementos que afecten ao conxunto exterior.

Se plantexan dous tipos de actuacións diferentes para os bloques A, que son os bloques de extremo, e os bloques B que son os bloques interiores, para as actuacións nos baixos comerciais dos bloques B interiores, e as plantas de todos os bloques, e outras son para os baixos dos bloques A.

En xeral, admítese a actuación, independentemente, en cada local ou en cada vivenda se só afecta ao interior e se limita á retirada de elementos disconformes en substitución por modelos autorizados.

As actuacións que afectan a patios comúns, portais, escaleiras de acceso, núcleos de comunicación vertical, incluídos ascensores, se poden autorizar por cada edificio.

As actuacións de mantemento e conservación de fachadas e cubertas se poden autorizar por cada bloque, e se esixirá a intervención na totalidade do conxunto naqueles aspectos que teñan en conta coa súa imaxe exterior conxunta.

Dentro dos ascensores adáptase o modelo do anteproxecto de rehabilitación para a adecuación funcional en materia de accesibilidade que foi redactado polos arquitectos Oscar e Iván Quintela, autorizado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural en decembro de 2010.

En canto á tramitación, o estudo de detalle aprobouse inicialmente pola Xunta de Goberno Local o día 31 de outubro de 2013, someteuse a información pública durante un período de 20 días, mediante anuncios no Diario Oficial de Galicia, e en publicacións. Durante o período de información pública non se formularon alegacións, e o estudo detalle tivo o informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural o 13 de maio de 2014. Por esta razón é pola que se propón ao pleno da corporación aprobar definitivamente o Estudo de Detalle.

Dona Mercedes Rosón di que o grupo municipal socialista vai apoiar a aprobación deste estudo de detalle no ámbito das Casas de Ramírez, un conxunto de grandísimo valor patrimonial, que foi obra do máximo representante do racionalismo en Galicia que é Santiago Rey Pedreira.

Dende logo, entenden que o estudo que se propón regula e garante a coherencia formal de todo o conxunto, tentando recuperar toda a imaxe orixinal, establecendo criterios para todos os elementos tan característicos das casas de Ramírez como son as terrazas, zonas porticadas, os portais, os accesos, e as cubertas, tratamento de patios e demais.

Ademais resolve xa definitivamente a implantación de ascensores e outros elementos de accesibilidade tan necesarios para todo este ámbito, resolve como moi ben dixo a concelleira, toda as cuestións de iluminación, elementos comúns e de instalación de rótulos nos baixos comerciais. Con este estudo de detalle dáse continuidade a toda esa política que se leva a cabo en materia de accesibilidade en edificios, neste ámbito.

Indica que no ámbito das Casas de Ramírez se fixo unha primeira intervención urxente cando se fixo a obra da Praza Roxa, nunha comunidade de veciños en Frei Rosendo Salvado. Tamén a finais do ano 2010 un proxecto de Iván e Oscar de Andrés Pereira aprobado pola Comisión de Patrimonio da Xunta de Galicia. Refírese a que cando se aprobou a modificación do Plan Especial deste ámbito o ano pasado xa se levaban outorgadas cre que catro ou cinco licenzas e neste momento cre que se están a tramitar unhas cantas máis, das dezasete que conforman as comunidades que compoñen todo este ámbito edificatorio.



Por outra banda entende que da mesma forma que se fixo co perímetro azul, no que a Xunta de Galicia delegou as competencias para informar as licenzas no ano 2012, se debería solicitar tamén esa responsabilidade para que sexa a través da Comisión de Patrimonio da Cidade Histórica de Santiago quen outorgue as licenzas para todo ese ámbito e así desta maneira se poidan axilizar as licenzas.

Dona Teresa Gutiérrez López di que lle parece unha boa proposta e que llelo propoñerán á Comisión de Patrimonio.

Xa que logo, de conformidade co ditame favorable da comisión informativa de urbanismo, infraestruturas vivenda e medio ambiente correspondente á súa reunión de data 24 de xullo de 2014 e consonte con informes anteriormente referidos, o pleno da corporación por unanimidade acorda aprobar definitivamente o estudo de detalle que define os criterios compositivos e estéticos de aplicación no conxunto catalogado A-56 (Casas de Ramírez), formulado de oficio polos servizos técnicos municipais, sen modificacións respecto do inicialmente aprobado.

En cumprimento do esixido polo artigo 92.2 da LOUG, o acordo de aprobación definitiva publicárase no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia, no que se inserirá, así mesmo, a normativa urbanística aprobada.

#### **4. TOMA DE COÑECEMENTO DA APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL E DO PLAN PARCIAL NO ÁMBITO DO SUNP-31 (SAN MARCOS).**

Expón o señor Alcalde que o presente punto trata da toma de coñecemento da aprobación definitiva da modificación puntual do plan xeral de ordenación municipal e do plan parcial no ámbito do SUNP-31 San Marcos.

De conformidade co Ditame da comisión informativa de urbanismo, infraestruturas e vivenda correspondente á súa reunión do pasado 24 de xullo de 2014, o pleno da corporación toma coñecemento da Orde do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, de data 20 de maio de 2014, pola que se outorgou aprobación definitiva á modificación puntual do PXOM e do plan parcial no ámbito do SUNP-31 (San Marcos), así como das publicacións efectuadas no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia, os días 4 e 20 de xuño, respectivamente.

#### **5. DETERMINACIÓN DE FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2015.**

Don Manuel Martínez expón que a proposta que se trae para o ano 2015 é o 14 de maio, que é o día da Ascensión, que é un día que tradicionalmente se ven determinando como festivo neste concello. Tamén se recolle o día 24 de xuño que é o día de San Xoán que cae nun mércores. Sinala que para o 2014, figuraba San Roque, pero en 2015, cae en domingo.

Barallouse tamén o martes de carnaval e o día 19 de marzo, o día de San Xosé, pero dado que a Xunta trasladou o festivo para o día 20, pareceulles máis oportuno propór os días 14 de maio e 24 de xuño.

De conformidade coa proposta do concelleiro de réxime interior que leva data do 22 de xullo de 2014, o pleno da corporación, por unanimidade, acorda propoñer como festivos locais para o ano 2015:

14 de maio, día da Ascensión  
24 de xuño, día de S. Xoán.

## **6. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR EN ORGANISMOS SUPRAMUNICIPAIS, ORGANISMOS AUTÓNOMOS, FUNDACIÓNS, SOCIEDADES MERCANTIS CON PARTICIPACIÓN MUNICIPAL E CONSELLOS SECTORIAIS DE ACTUACIÓN MUNICIPAL.**

O señor Alcalde explica que esta proposta limítase a substituír aos concelleiros que deixaron a corporación, polos novos membros do Partido Popular de Galicia.

Don Rubén Cela di que ao seu grupo chamoulle tamén a atención o feito que non se teñan producido estes nomeamentos nun pleno extraordinario previo á realización das comisións informativas, como así se fixo o día 18 de xullo de 2011. Supón que se optaron por este procedemento é porque formalmente é posible, pero resalta que resulta chocante que escollan hoxe por exemplo a Ramón Quiroga como Presidente da Comisión de Facenda, ou a Teresa Gutiérrez como Presidenta da Comisión de Urbanismo, cando xa exerceron de presidentes de ditas comisións con anterioridade á celebración deste pleno.

Dende o seu punto de vista o xeito máis lóxico de proceder sería realizar primeiramente os nomeamentos nun pleno extraordinario e a partir de aí convocar o pleno ordinario coas súas respectivas comisións informativas previas e no seo desas comisións, elixir o Presidente ou Presidenta tal e como marca o artigo 118.2 do Regulamento Orgánico Municipal que di literalmente: “Cada comisión terá un presidente ou presidenta efectivo que serán elixidos de entre os seus membros pola propia comisión na súa sesión constitutiva”.

En calquera caso, non é unha cuestión de forma o que lle preocupa ao BNG nin o que vai motivar a súa abstención neste punto, senón que é unha cuestión de concepción de como debe ser o funcionamento dunha institución como esta e dos diferentes roles que teñen que xogar os grupos do goberno e da oposición.

Dende o seu grupo consideran obrigada a substitución das concelleiras e concelleiros inhabilitados, dos dimitidos nas diferentes comisións informativas, e nos diferentes organismos autónomos, fundacións, organismos supramunicipais, sociedades mercantís con participación municipal e tamén nos consellos sectoriais de actuación municipal.

Nese sentido chámalles a atención, que non se inclúan os nomes das concelleiras ou concelleiros do Partido Popular membros da Comisión Asesora da Cidade Histórica, comisión, que se viña reunindo dúas veces por mes, e cuxa última reunión se celebrou na sesión do 17 de xullo.

Parécelles totalmente lexítimo que o grupo municipal popular escolla do xeito que estime oportuno que concelleiros e concelleiras van representar ao seu grupo en cada un deses organismos. O motivo do non apoio a esta proposta non é polos cambios que se propoñen, senón polo que non se propón.

Sobre o criterio imposto no seu día de xeito unilateral polo señor Conde Roa, e mantido posteriormente polo señor Currás de excluir a algún dos grupos da oposición de diferentes organismos, xa lle trasladaron ao señor alcalde a través do voceiro do grupo popular, que dende o seu punto de vista este era o momento preciso para corrixir unha anomalía só explicable, en base a un capricho ou revanchismo, que dificilmente é compatible cun funcionamento normalizado dunha institución como esta.

É difícil de explicar porque na empresa mixta XADE que xestiona as instalacións do multiusos do Sar e Sta. Isabel ou en Mercagalicia, están representantes do grupo socialista e non está presente o BNG. Tamén é difícil de explicar por qué o BNG ten un representante na mesa sectorial de comercio ou en UNINOVA e o grupo socialista non o ten.

Di que poden legalmente seguir a senda dos seus predecesores, pero para eles a cuestión non é se poden ou non; a cuestión é se deben, sobre todo cando a norma non escrita neste concello ata a chegada do Partido Popular era a de garantir sempre a representación de todos os grupos neste tipo de organismos. Non facelo así só podería ser entendible dende a perspectiva de dificultar ao máximo posible o labor da oposición, tanto na vertente de fiscalización, como na propositiva, porque resulta imprescindible ter un coñecemento directo dos temas, e dificilmente se ten cando non se participa nos organismos, nas súas deliberacións, e da información que deles emana. Pensa que é

unha oportunidade perdida de reconducir cara á normalidade institucional unha situación claramente anómala. O seu grupo empra a señor Alcalde a estudalo co fin de que traian unha proposta rectificadora no vindeiro do pleno ordinario de setembro. Di que mentres iso non se produza, o seu voto será de abstención.

Don Francisco Reyes di que eles tamén se atopan nunha situación un tanto peculiar de cara a emitir o seu voto. Por unha banda, recoñecen o dereito do señor Alcalde e do grupo municipal do Partido Popular que ten a maioría absoluta nesta corporación, a designar aqueles concelleiros/as que entenda que son os apropiados para formar parte das diferentes comisións e naquelas que teñen a maioría, que é en todas elas.

Por outra banda, destaca dous problemas. O primeiro é o plantexamento que se ten feito, precisamente con respecto a aqueles concelleiros que son concelleiros non electos, que están designados polo artigo 182.2 da LOREG. Eles atopan dificultades na casación dese artigo 182.2 da LOREG, cos artigos 140 e 23 da Constitución Española.

Todo mundo sabe que o partido socialista, ten presentado un recurso nese sentido particularmente baseado nun voto particular, dun dos maxistrados do Constitucional emitido na Sentenza do Tribunal Constitucional 125/2013, de 24 de maio. O problema non é tanto se un concelleiro non electo pode ser ou non alcalde dunha corporación, se o concelleiro non electo pode ser ou non membro da xunta de goberno, senón que un concelleiro non electo non podería ser concelleiro, xa que tería que terse presentado nunha lista ás eleccións e ter pasado polo tamiz dos votos dos cidadáns.

Este é un dos motivos polos cales o grupo municipal do PSdeG-PSOE vai votar a abstención neste punto. Outro motivo é pola petición desatendida por terceira vez no que vai de mandato relativa a que a oposición non quede excluída dalgunha das comisións. No caso concreto do partido socialista en UNINOVA e na mesa do comercio. Entenden que por un exercicio de transparencia debería de estar a oposición presente nos diferentes entes dependentes deste concello. Estes son os dous motivos que levan a que o seu grupo vote abstención neste punto da orde do día.

O señor Alcalde clarea que o que hoxe fan é replicar o acordo do pleno de 7 de xullo de 2011, no que unha parte importante dos puntos se aprobou por unanimidade e algúns outros unicamente co apoio do partido popular. Como consecuencia da baixa de determinados concelleiros fanse eses nomeamentos e polo tanto, o que se realiza en definitiva é unha substitución.

Se os grupos da oposición o que solicitan é que analicen o reparto de representación, eles non teñen inconveniente ningún, con independencia de someter o presente punto a votación, porque entenden que debe regularizarse a situación deses organismos e desas sociedades.

De conformidade coa proposta do Sr. Alcalde de data 28 de xullo de 2014, o pleno da corporación por 13 votos a favor, correspondentes aos membros do grupo municipal do Partido Popular, e 12 abstencións correspondentes aos membros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e aos do BNG, acorda designar como representantes do grupo municipal popular en organismos supramunicipais, organismos autónomos, fundacións, sociedades mercantís con participación municipal e consellos sectoriais de actuación municipal, aos seguintes:

**INCOLSA:**

Dona Reyes Leis Rodríguez.  
Don Luís Mejjide Rodríguez.  
Don Manuel Martínez Varela.

**TUSSA:**

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.  
Doña Teresa María Gutiérrez López.  
Don Manuel Martínez Varela.

**AUDITORIO DE GALICIA:**

Dona Marta González Vázquez.  
Doña María Ángeles Antón Vilasánchez.  
Dona María José Corral López.

**UNINOVA:**

Don Ramón Quiroga Limia.  
Doña María Jesús Amparo Sáinz García.

**XADE:**

Dona María José Corral López.  
Don Manuel Martínez Varela.

**CURSOS INTERNACIONAIS DA USC:**

Concelleiro/a delegado/a de turismo.

**FUNDACIÓN GALEGA PARA O DEPORTE:**

Concelleiro/a delegado/a de deportes.

**FUNDACIÓNS GRANELL e MUSEO DO POBO GALEGO:**

Concelleiro/a delegado/a de cultura.

**FUNDACIÓN SÍNDROME DE DOWN:**

Concelleiro/a delegado/a da área de servizos sociais.

**COMISIÓN PROVINCIAL DE SANEAMENTO:**

Dona Teresa María Gutiérrez López.

**COMISIÓN DE ESCOLARIZACIÓN:**

Dona María José Corral López.

**COMISIÓN PATRIMONIO HISTÓRICO:**

Dona María Antón Vilasánchez.

**COMISIÓN PATRIMONIO CASCO HISTÓRICO:**

Dona Teresa Gutiérrez López.

Dona María Antón Vilasánchez.

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.

Don Manuel Martínez Varela.

**CONSELLO ASESOR DE CONDECORACIÓNS:**

Don Manuel Martínez Varela.

Dona Reyes Leis Rodríguez.

Dona María Antón Vilasánchez.

**MERCAGALICIA:**

Don Luís Meijide Rodríguez.

Dona Reyes Leis Rodríguez.

**FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS:**

Dona Teresa Gutiérrez López.

## **7. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE, RELATIVA AO CAMIÑO INGLÉS.**

A proposición presentada polo grupo socialista con data 22 de xullo de 2014, ten o seguinte contido:

“O Camiño de Santiago aglutina características que o converten nun elemento destacado do noso patrimonio cultural. O seu significado relixioso, o seu interese cultural e o seu potencial turístico converten á Ruta Xacobeá nun recurso cun potencial enorme para a xeración de actividade cultural e económica ao longo dos seus diferentes trazados.

Lonxe da masificación doutros camiños, o Inglés é un trazado que actualmente discorre polas localidades recuperadas en virtude de documentos, escrituras e rexistros que facían referencia ás súas demarcacións ou ao paso e estancia de viaxeiros. Dividido en tres xornadas desde A Coruña e cinco desde Ferrol- os camiños conflúen no hospital de Bruma. A ruta A Coruña-Santiago conta con 74 km de percorrido mentres os tramos Ferrol-Santiago suman 118 km. Trátase dunha ruta de marcado carácter costeiro, pero tamén rural e interior.

Non só os peregrinos ingleses optaban por iniciar as rutas desde as costas coruñesas cara a Santiago de Compostela. En realidade, o coñecido como Camiño Inglés, coas súas variantes desde A Coruña ou Ferrol, era no alto e baixo medievo un compendio de itinerarios percorridos por devotos ingleses, pero tamén escoceses, irlandeses, escandinavos ou flamencos, isto é, do norte e oeste de Europa. Por iso, eran varios os portos de partida e o xogo de entrantes e saíntes do accidente que os romanos bautizaron como Magnus sinus Artabrorum, ou golfo Ártabro, constituía en conxunto o punto de arribada das peregrinacións, valéndose daquela, por terra, dos antigos Camiños Reais e outras sendas.

O Camiño de Santiago vaise consolidando co paso dos anos nun dos atractivos turísticos máis importantes de Galicia. Proba diso é que gran parte dos visitantes da Comunidade Autónoma chegaron directa ou indirectamente a través desta ruta de peregrinación milenaria. Constitúe, sen dúbida, unha marca turística de éxito e internacionalmente coñecida e, á súa vez, de prestixio, polo valor que supón acharse incluído na lista de bens Patrimonio da Humanidade.

Hai que destacar que se conseguiu diversificar así o produto Camiño de Santiago, valorizando outras áreas do territorio galego e distribuíndo de mellor xeito as rendas producidas por este produto turístico.

Ademais, un dos aspectos clave á hora de dar a coñecer o Camiño tanto a nivel nacional como internacional foron as diversas campañas de comunicación e promoción desenvolvidas respecto diso.

En moitos municipios o interese e a implicación da administración pública e da iniciativa privada permiten a posta en valor do Camiño de Santiago converténdoo nun recurso referente e principal do seu sector turístico.

A súa condición de produto turístico, que leva asociados numerosos servizos, fai que sexa tamén un fenómeno económico que xera rendas e empregos así como un instrumento de desenvolvemento rexional capaz de revitalizar os lugares que atravesamos.

Un dos obxectivos explícitos do desenvolvemento turístico por parte das administracións é a creación de fontes de ingresos adicionais e postos de traballo para a poboación local. Para a estrutura económica é importante unha diversificación das actividades produtivas de acordo co deseño dun produto turístico que integre aloxamentos, actividades complementarias, produtos agroalimentarios e artesanía. As accións do desenvolvemento turístico, por exemplo a través dos investimentos en infraestruturas, tamén poden contribuír a unha mellora das condicións socioeconómicas da poboación residente e repercutir no non despoboamento, producindo unha estrutura demográfica máis equilibrada.

Por todo iso, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE propón ao Pleno deste Concello a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

- 1.- O Pleno do Concello de Santiago acorda propoñer á Deputación da Coruña que leve a cabo con carácter inmediato o desenvolvemento dun plan de promoción turística, cultural e socioeducativa da Ruta Xacobeas coñecida como “Camiño Inglés”, contando coa opinión dos Concellos concernidos. Este plan contemplará aspectos relixiosos, culturais e turísticos desde parámetros de excelencia, turismo responsable e accesibilidade.
- 2.- O Pleno acorda instar a Xunta de Galicia a adoptar as medidas necesarias para o correcto mantemento, limpeza e sinalización do “Camiño Inglés” no seu percorrido polos diferentes termos municipais dos Concellos concernidos.
- 3.- O Pleno acorda propoñer á Xunta de Galicia que se establezan programas de cooperación transfronteiriza entre a Xunta de Galicia e o Reino Unido así como cos países nórdicos, co fin de promocionar o “Camiño Inglés” a Santiago de Compostela, nas súas variantes desde A Coruña e desde Ferrol.”



Don Francisco Reyes di que o Camiño de Santiago aglutina características que o converten nun elemento destacado do noso patrimonio cultural. O seu significado relixioso, o seu interese cultural e o seu potencial turístico converten á Ruta Xacobe a nun recurso cun potencial enorme para a xeración de actividade cultural e económica ao longo dos seus diferentes trazados.

Lonxe da masificación doutros camiños, o Inglés é un trazado que actualmente discorre polas localidades recuperadas en virtude de documentos, escrituras e rexistros que facían referencia ás súas demarcacións ou ao paso e estancia de viaxeiros. Dividido en tres xornadas desde A Coruña e cinco desde Ferrol os camiños conflúen no hospital de Bruma. A ruta A Coruña-Santiago conta con 74 qm de percorrido mentres os tramos Ferrol-Santiago suman 118 qm. Trátase dunha ruta de marcado carácter costeiro, e tamén rural e interior.

Non só os peregríns ingleses optaban por iniciar as rutas desde as costas coruñesas cara a Santiago de Compostela. En realidade, o coñecido como Camiño Inglés, coas súas variantes desde A Coruña ou Ferrol, era no alto e baixo medievo un compendio de itinerarios percorridos por devotos ingleses, pero tamén escoceses, irlandeses, escandinavos ou flamencos, isto é, do norte e oeste de Europa. Por iso, eran varios os portos de partida e o xogo de entrantes e saíntes do accidente que os romanos bautizaron como se coñece e aparece en todas as guías do Camiño Inglés, como Magnus Sinus Artabrorum, ou golfo Ártabro. Constituía en conxunto, o punto de arribada das peregrinacións, valéndose daquela, por terra, dos antigos Camiños Reais e outras sendas.

O Camiño de Santiago vaise consolidando co paso dos anos nun dos atractivos turísticos máis importantes de Galicia. Proba diso é que gran parte dos visitantes da comunidade autónoma chegaron directa ou indirectamente a través desta ruta de peregrinación milenaria. Constitúe, sen dúbida, unha marca turística de éxito e internacionalmente coñecida e, á súa vez, de prestixio, polo valor que supón estar incluído na lista de bens Patrimonio da Humanidade.

Hai que destacar que se conseguiu diversificar o produto Camiño de Santiago, valorizando outras áreas do territorio galego e distribuíndo de mellor xeito, as rendas producidas por este produto turístico.

Un dos aspectos clave á hora de dar a coñecer o Camiño, tanto a nivel nacional como internacional, foron as diversas campañas de comunicación e promoción desenvolvidas ao respecto.

Noutro sentido, en moitos municipios o interese e a implicación da administración

pública e da iniciativa privada permiten a posta en valor do Camiño de Santiago converténdoo nun recurso referente e principal do seu sector turístico.

A súa condición de produto turístico, que leva asociados numerosos servizos, fai que sexa tamén un fenómeno económico que xera rendas e empregos, así como un instrumento de desenvolvemento rexional capaz de revitalizar os lugares que atravesa.

Un dos obxectivos explícitos do desenvolvemento turístico por parte das administracións é a creación de fontes de ingresos adicionais e postos de traballo para a poboación local. Para a estrutura económica é importante unha diversificación das actividades produtivas de acordo co deseño dun produto turístico que integre aloxamentos, actividades complementarias, produtos agroalimentarios e artesanía. As accións do desenvolvemento turístico, por exemplo, a través dos investimentos en infraestruturas, tamén poden contribuír a unha mellora das condicións socioeconómicas da poboación residente e repercutir no non despoboamento, producindo unha estrutura demográfica máis equilibrada.

O certo é que segundo esta proposta a promoción do camiño de Santiago ten fundamentalmente tres obxectivos a cumprir:

O primeiro deles é acadar unha débeda que eles entenden histórica da nosa provincia, a provincia da Coruña, e particularmente da Deputación da Coruña ao longo do tempo, con respecto ao único camiño que se enmarca exclusivamente dentro dos límites xeográficos da nosa provincia, o Camiño de Santiago.

Por outra banda consideran que a promoción do Camiño Inglés pode ser un instrumento que pode servir primeiro, para manter e fidelizar o turismo cultural que pode vir das illas británicas do Reino Unido e máis de Irlanda, e pode ser tamén un instrumento que axude á promoción do turismo na nosa cidade, particularmente nos países nórdicos, ou en Alemania ou en Francia, que como todos coñecen, empregaron este camiño o camiño inglés nos momentos máis difíciles da guerra dos cen anos.

O terceiro obxectivo sería poñer enriba da mesa, unha vez máis, que Santiago de Compostela que é capital de Galicia non lle quita nunca nada a ninguén, senón que continuamente lle está a dar a toda Galicia, algo que cómpre repetir unha e outra vez.

Don Rubén Cela indica que o Camiño Inglés debeu o seu nome á afluencia de peregrinos das illas británicas que chegaban a Galicia a través do mar dende os portos do Báltico, dos países escandinavos, dos países baixos, de Flandes, do norte de Francia, e sobre todo ingleses e irlandeses.

Está documentado que no ano da perdonanza de 1434, desembarcaron máis de 2.300 peregrinos no chamado Portus Magnus Artabrorum, que é o porto da Coruña. San Reginaldo III no ano 1.151; os persoeiros da denominada Magna expedición en 1.217 na que participaron entre outros daneses, norogueses e frisóns que viñeron a peregrinar a Santiago de Compostela etc. Polo tanto, fica fóra de calquera dúbida a importancia en termos históricos desta ruta. Dende o seu punto de vista, tamén esta fóra de ningunha dúbida a súa importancia no momento actual, tanto en termos culturais e de conservación do patrimonio, como en termos turísticos, e de dinamización socioeconómica dos concellos polos que transcorre.

No Ano Santo de 2004, segundo as estadísticas elaboradas pola oficina do peregrino de Santiago percorreron o camiño 3092 persoas; en 2010 tamén ano Santo, foron 6.442, máis do dobre, e en 2013, último ano do que se dispoñen datos, percorreron o Camiño Inglés, a pesar de non ser ano santo, 4.404 persoas.

Di que á vista da importancia en termos históricos e do potencial que ten este camiño en termos culturais, e económicos no momento presente, o BNG vai apoiar esta proposición do grupo socialista, porque consideran imprescindible unha maior implicación das diferentes administracións públicas, nomeadamente da Xunta, da Deputación Provincial da Coruña e dos concellos afectados na súa recuperación, posta en valor, e difusión.

Nese sentido dende o BNG coidan que as primeiras actuacións veñen referidas a unha maior atención á sinalización, á conservación dos dous trazados, xa que existen neste camiño evidentes carencias nese sentido, especialmente no que ven da cidade da Coruña.

A sinalización presenta algúns puntos conflictivos, sobre todo na propia capital e no Portazgo no Concello de Culleredo. Ademais as frechas xa están desdebuxadas nalgúns puntos e no caso dos indicadores de distancia, algúns precisan dunha substitución ou unha rehabilitación.

No tramo Ferrol-Santiago, aínda que está bastante mellor sinalizado, tamén sería conveniente un repaso aos indicadores de distancia, algúns deles moi deteriorados ou xa inexistentes, e unha revisión do pintado das frechas.

Outro elemento que sería conveniente revisar é o das infraestruturas públicas do hospedaxe. Na actualidade existen só seis albergues públicos cunha mínima presenza de oferta privada. Indica que posiblemente esas aproximadamente 170 prazas repartidas entre os 6 albergues existentes, descontando o de San Lázaro, e o do Monte do Gozo, que serían Mera, Miño, Betanzos, Bruma, Pontedeume, e o recentemente inaugurado o

pasado mes de xullo en Sergude-Carral, sexan escasas para unha ruta aínda descoñecida para moitas persoas potenciais, pero con grandes atractivos.

Sigüeiro, última poboación antes de Santiago de Compostela, continua a ser dende o seu punto de vista a máis necesitada do Camiño Inglés. Sen albergue, só cede o seu polideportivo a grupos que teñan reserva previa. Un hostel na mesma localidade, e un hotel a uns quilómetros máis adiante, constitúen a única alternativa na actualidade.

Recoñece que ao longo dos últimos anos, se teñen realizado actuacións puntuais de interese dende a Deputación da Coruña, por exemplo, no anterior mandato dende a Vicepresidencia baixo a responsabilidade de Pablo Villamar, como organización conxunta entre concellos, Deputación e hostalería do proxecto “o Camiño Inglés para comelo” cun orzamento anual de 100 mil euros, investiuse na edición de guías de viaxe, carteis, DVDS, postais e demais material promocional para atraer peregrinos a esta ruta o que contribuíu a dar a coñecer o seu patrimonio.

Cómpre lembrar tamén, o traballo desenvolvido polo chamado “Consortio do Camiño Inglés” constituído en decembro do ano 2000, que chegou a aglutinar a dezoito concellos, que realizaron diferentes actividades como a organización de marchas ecuestres ou en bicicleta a través do Camiño Inglés. Con todo, cren que se pode e se debe facer máis na promoción e na valoración desta ruta.

O Camiño de Santiago é un elemento fundamental, en termos históricos, culturais, espirituais, sen o que non se podería entender hoxe Santiago, máis tamén é un importante elemento de dinamización económica e de creación de postos de traballo, aínda que lamentablemente cada día sexan máis eventuais, e máis precarizados, polo que é importante a implicación das administracións non só, na consolidación da súa ruta máis coñecida e transitada, o Camiño Francés, senón de todos os seus camiños, incluído o Camiño Inglés. Por ese motivo di que dende o BNG son partidarios de que se desenvolva un plan de promoción turística, cultural e socioeducativa do Camiño Inglés, de velar polo mantemento e sinalización adecuadas, e establecer programas de colaboración transnacional co Reino Unido e cos países nórdicos para recuperar a esencia desta ruta milenaria.

Dona María Antón Vilasánchez di que a proposición que ven de realizar o PSdeG-PSOE, entende que deriva dunha moción presentada polo propio grupo sobre esta mesma cuestión que foi tratada no pleno do mes de marzo, rexeitada naquel momento, por considerar que non tiña carácter de urxencia, se ben a concelleira Reyes Leis clarexou que aínda que non se consideraba urxente, si parecía interesante, invitando á oposición a manter reunións xustamente antes dunha que ía ter ela co Xacobeo.

Indica que o goberno municipal, coincide coa oposición en que os camiños de Santiago son un elemento destacado do noso patrimonio cultural, e tamén en que a potenciación doutros camiños, ademais do Francés que chegan a Compostela, ou que parten dela, como é o caso do Camiño de Fisterra que tamén é o único que está enteiramente na nosa provincia, ou a recente iniciativa do Concello de Padrón de facer un camiño de volta de Santiago de Compostela, son cuestións que deben terse en consideración á hora de planificar a recuperación do acervo cultural e de promocionar a nosa cidade.

A visión que ten este goberno das actuacións a desenvolver en todas as políticas de corte cultural e valorización patrimonial, como pode ser o Camiño de Santiago, é de carácter integral e transversal.

Sinala que son conscientes de que o camiño é unha fonte de xeración de riqueza, pois como apuntaban na súa proposición e o refrendaba o representante do Bloque Nacionalista Galego, permite á poboación local ter maiores rendementos económicos, potenciando o sector servizos, especialmente o turismo e o comercio e toda a infraestrutura que se desenvolve ao seu carón, polo chamado efecto multiplicador do turismo.

Ademais para Santiago é especialmente benigno, porque posibilita que o noso rural atope unha vía máis de consolidación na procura de estabilizar a poboación, recuperar o seu patrimonio e en definitiva mellorar o seu nivel de vida.

Teñen moi presente que os tramos dos camiños de Santiago no termo municipal de Santiago deben ser os mellores da ruta, a chegada á meta que está na praza do Obradoiro, non debe ser senón un colofón dunha ruta, e que o peregrino debe notar que se está a achegar á ansiada meta, unha vez que inicia o seu percorrido polo noso concello.

A propia infraestrutura dos camiños no concello ten que recibir unha axeitada atención. Particularmente o Camiño Inglés merece un tratamento especial, porque sen dúbida é un dos máis castigados pola rede viaria, industrial, e urbanística. Manifesta que solventar estas cuestións será un dos obxectivos prioritarios do goberno que como dixo terá unha visión integral do mesmo. Isto quere dicir que non só será o departamento de cultura e patrimonio o que actúe en solitario nesta tarefa, senón tamén o departamento de turismo e comercio, desenvolvemento sostible, xuventude e deportes, que teñen moito que aportar no desenvolvemento das súas competencias.

A modo de exemplo di que o goberno está a traballar xa nas rutas de peregrinación en diferentes ámbitos. Sen ir máis lonxe, a principios de ano unha delegación da cidade de Trondheim visitaba Compostela para profundizar nos labores de promoción das rutas de peregrinación con gran afluencia en Europa, a vía francígena, a ruta de San Olvad, o

camiño todo dentro do marco europeo. Este era un paso máis da colaboración institucional coa cidade de Trondheim, pois a súa alcaldesa e un grupo de máis de oitocentos peregrinos visitaron Compostela en setembro de 2012.

Esta é unha das iniciativas que se está a desenvolver no concello, pero non é a única. Destaca que dende o grupo de goberno apoianse tamén iniciativas da sociedade civil participando activamente delas, como é o caso da peregrinación que promoveu o ano pasado a asociación de hostalería de Santiago polo Camiño Inglés, iniciando un percorrido en Ferrol ata Santiago de Compostela.

Sinala que tratarán de implicar, como non pode ser doutro xeito, á iniciativa privada, particularmente nos eidos da promoción, da formación, da divulgación e da investigación do Camiño. Tratarán de sensibilizar á poboación local para que actúen de anfitrións dos peregrinos e turistas que percorren a ruta, e ao tempo estimular iniciativas culturais no camiño que valoricen a nosa cultura, provocando unha dinamización social e cultural no contorno do camiño para os nosos veciños e para que os que nos visitan que sexan tamén partícipes dela.

Están de acordo en que impulsar as melloras dos camiños no termo municipal de Santiago é unha tarefa que hai que desenvolver en todos os sentidos, partindo da colaboración con outras institución con competencias directas nesta materia, tal é o caso, como nomeaban ambos os dous membros da oposición, da Deputación da Coruña, quen xa manifestou o seu interese por promocionar este camiño.

Neste sentido di que fai uns días mantívose unha reunión na sede da Deputación na que participaron os dezoito concellos afectados polo Camiño e na que tamén participou a Asociación Tesouros de Galicia, unha ONG vinculada a organizacións similares en Europa de protección e difusión do patrimonio histórico con vinculación noutros lugares do mundo. Dita colaboración suporá unha serie de actuacións como é a plantación de 2000 árbores autóctonas no camiño para reforestalo e proporcionar sombras, actividades de fomento da ruta no estranxeiro e Galicia. Dita acción contará coa participación da Universidade da Coruña, quen a través dun equipo de estudantes voluntarios realizarán tarefas como estudos históricos, difusión do camiño nas redes sociais, etc.

Este traballo ten un fin, preparar unha visita dun comité na National Trans Organization en setembro para que o camiño teña unha promoción en Inglaterra e tamén se fará unha colocación de carteis de sinalización.

Neste sentido refírese a que o Concello de Santiago cooperará coa asociación e a Deputación para identificar os lugares de repoboación e colocación de carteis, así como para a preparación a visita.

A Deputación como administración supramunicipal ten un papel importante no desenvolvemento do Camiño de Santiago, porque permite que o mesmo sexa tratado como un todo, e que a ruta teña unha coherencia no seu percorrido.

Por outra banda destaca que a Xunta de Galicia é un dos nosos aliados naturais, pois dela depende a delimitación do trazado dos camiños, que é o primeiro paso para poder deseñar liñas de actuación relativas a eles.

Informa a seguir, que no caso que nos ocupa a Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, está a finalizar o expediente de delimitación do Camiño Inglés. O expediente está punto de resolverse, pois xa foi sometido a información pública e está en proceso de contestación de todas as alegacións e pendente dun informe de Portos do Estado para continuar coa súa tramitación administrativa. En concreto, e no que se refire ao Concello de Santiago, sinala que se atenderá á demanda dunha asociación local, dun empresario local, e do propio do concello, de xeito que o Camiño polo noso termo municipal volva a pasar por Ponte Sionlla, o Castro de Formarís e a parte traseira do hotel Castro.

Engade que esta non é a única actuación que se desenvolve agora mesmo por parte da Xunta, xa que dende a Axencia de Turismo de Galicia, particularmente dende o Xacobeo, están a realizar diversas actuacións para a posta en valor dos camiños, e non só do camiño inglés, como en cuestións de tarefas de conservación e mantemento.

Sen dúbida o Camiño Inglés merece toda a atención do goberno municipal e nese labor continuarán facendo partícipes ás institucións públicas, aos axentes sociais, económicos e culturais para que se impliquen no desenvolvemento desta ruta de peregrinación. Relata a continuación que o Camiño de Santiago, o Camiño Inglés recibiu 3.477 peregrinos no que vai de ano. Son datos do día de onte, o que supón o 2,91% dos peregrinos totais chegados a Compostela ata o momento, que son 119.658.

Polo exposto, consideran que en base á proposición do PSdeG deberían facer unha votación separada dos acordos que se propoñen. Están de acordo co punto 1, pero rexeitan os puntos 2 e 3, porque cren que neste momento son innecesarios, polos propios plans que a Xunta de Galicia ten e está a desenvolver hoxe en día. Por iso, propón a votación separada.

O señor Alcalde declara aberta unha segunda rolda de intervencións.

Don Francisco Reyes di que o grupo municipal do PSdeG, ten a ben, que se faga a votación dos puntos por separado.

Dálle a razón á concelleira no relativo ao seu esquecemento do camiño de Muxía a Fisterra, que tamén se enmarca dentro dos límites xeográficos da nosa provincia da Coruña.

No referente ao esquecemento da Deputación da Coruña con respecto ao Camiño Inglés, agás de actuacións puntuais, indica que son actuacións illadas ao longo do tempo, e lonxe da actitude doutras Deputacións. Cita á Deputación de Pontevedra con respecto ao Camiño Portugués, á Deputación de Ourense con respecto á Ruta da Prata, e á Deputación de Lugo ao longo do tempo con respecto aos Camiños Francés, do norte e primitivo.

Dálle a razón á concelleira con respecto ao número de peregrinos que chegan polo camiño inglés. Ela deu os últimos datos deste ano 2014, e os datos de 2013 foron que remataron 4.404. É certo que só está por enriba do número de peregrinos do Camiño Inglés e só por enriba do camiño de Muxía a Fisterra. Lembra que 2010 foi Ano Santo, polo que comparando 2010 e 2013 habería unha diminución importante de peregrinos no Camiño Inglés do 31,6%. Non en tanto, a comparativa entre 2011 e 2013, arroxa un incremento do 62%. En consecuencia di que é posible facer accións de promoción e ademais esas accións de promoción poden ter un resultado moi positivo.

Centrándose no mercado do turismo do Reino Unido lembra que as rutas do turismo cultural máis demandadas no Reino Unido son precisamente o Camiño de Santiago, a ruta Sevilla-Córdoba-Granada, Madrid e arredores, máis Castela e León. Os destinos culturais segundo o número de visitas son principalmente: Barcelona, Madrid, Sevilla e o famoso Camiño de Santiago. Dí tamén que o 19% dos británicos teñen intención de realizar unha viaxe cultural no futuro, e iso ocupa a segunda posición no ranking, logo de vacacións de sol e praia.

Indica que o gasto medio por turista sitúase nun 763 euros nas viaxes que inclúen actividades culturais, e que corresponden cunha estadía media de dez días, mentres que nas viaxes nas que non se realizan actividades culturais, o gasto medio é de 488 euros, bastante menos que os culturais, e que corresponden cunha estadía media de oito días.

Por país de orixe, o total de turistas que realizaron actividades culturais o Reino Unido ocupou a primeira posición, seguido de Francia e Alemania. Remata agradecendo o apoio do Bloque Nacionalista Galego a esta proposición e o interese do grupo de goberno, do Partido Popular, aínda que sexa novamente na primeira das propostas.

Dona María Antón Vilasánchez agradécelle á oposición todo o seu discurso, pois indica que ninguén esta máis interesada que ela no desenvolvemento do Camiño de Santiago, xa que boa parte da súa traxectoria profesional está ligada ao Camiño. Esta intervención refrenda que non foi un traballo en balde.



Aquí hai que dicir que é un esforzo de todos, das administracións públicas, das asociacións dos camiños de Santiago, do sector privado. O Camiño é un feito imparabile que se está demostrando.

A colaboración institucional ten que seguir sendo a liña de traballo, este traballo ten que ter unha visión transversal integradora, pois no camiño únense moitas e diversas competencias espalladas por diferentes centros de xestión.

A Xunta de Galicia ven de licitar o día 7 de xullo deste ano, o Plan Director Estratéxico dos Camiños de Santiago, que será un documento fundamental para ter unha folla de ruta que marque as actuacións máis necesarias en todos os campos: na conservación, no mantemento, a promoción, a investigación, a creación de novos produtos turísticos, a atención ao peregrino. Opina que o Concello de Santiago ten que ter unha voz de participación activa neste proceso, polo que solicitarán á Xunta de Galicia a inclusión de representantes do concello no equipo que vai ter a misión de elaborar o devandito documento. A partir de aí solicitarán unha separata, camiños de Santiago no Concello de Santiago, porque non se pode perder de vista a celebración do ano santo, 2021. Para iso tamén contarán co Consorcio da Cidade de Santiago, xa que o Camiño debe ser un dos eixos da actuación que marque a programación plurianual deste organismo. A programación para o cuatrienio 2015-2018 ten que facerse agora, e nestes momentos o Consorcio está a elaborar o Plan Especial do Camiño de Santiago, o Camiño Francés, por encomenda deste concello, que previsiblemente estará rematado no ano 2015.

Sometida dita proposición a votación separada o pleno da corporación, acorda:

1. Por unanimidade propoñer á Deputación da Coruña que leve a cabo con carácter inmediato o desenvolvemento dun plan de promoción turística, cultural e socioeducativa da Ruta Xacobeá coñecida como “Camiño Inglés”, contando coa opinión dos concellos concernidos. Este plan contemplará aspectos relixiosos, culturais e turísticos desde parámetros de excelencia, turismo responsable e accesibilidade.

2. Por 13 votos en contra, correspondentes aos membros do grupo municipal do Partido Popular e 12 votos a favor, correspondentes aos membros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e aos do BNG, rexeitar o contido dos apartados 2 e 3 da proposta do PSdeG-PSOE, relativa á promoción da Ruta Xacobeá coñecida como Camiño Inglés.”

## **8. DAR CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE CORRESPONDENTE AO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2014.**

Dáse conta do informe de morosidade do segundo trimestre do ano 2014, de data 22 de xullo de 2014, asinado polo interventor xeral e pola técnico de intervención que ten o seguinte contido:

## **“INFORMES DE MOROSIDADE DO ANO 2013 ATA O SEGUNDO TRIMESTRE DO ANO 2014**

### **I. NORMATIVA APLICABLE**

Este informe se emite de acordo co artigo 10 da Lei 25/2013, de 27 de decembro de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, segundo o cal, o órgano responsable da contabilidade debe elaborar un informe trimestral que poña de manifesto a situación dos pagos feitos e pagos pendentes das facturas rexistradas na contabilidade municipal do Concello de Santiago.

Outra normativa aplicable é:

- A Lei 15/2010, de 5 de xullo, “de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales”

- Real Decreto Lei 4/2013, de 22 de febreiro, “de medidas de apoyo al emprendedor y de estímulo del crecimiento y de la creación de empleo”

No anexo que se engade ó final se expón a evolución dos datos, que se están a remitir ó Ministerio ó fin de cada trimestre e que configuran o que se denominan os informes de morosidade.

Finalmente se engaden tres gráficos que mostran a evolución tendencial dos referidos datos durante todos os trimestres do ano 2013 ata o segundo do ano 2014.

### **II. INFORME:**

#### **1) Período medio de pago:**

O número medio de días empregados para pagar unha factura segue a descender de 118 días a fin de ano 2013 ata 78 días no primeiro trimestre de 2014 e 63 días no segundo trimestre do mesmo ano. Neste segundo trimestre do ano 2014, se pagaron 1148 facturas dentro do prazo legal de 60 días e 659 facturas se pagaron fóra deste prazo, excedéndose unha media de 38,73 días, reducíndose con respecto ós 54,98 días de excedido do trimestre anterior.

2) Período medio de pendente de pago:

O número medio de días que as facturas permaneceron en pendente de pago era de 74 días a fin de 2013 e no 2014 baixou a 63 días no primeiro trimestre e a 55 días no segundo trimestre, seguindo a tendencia á baixa.

Durante o primeiro trimestre de 2014, 893 facturas permaneceron en pendente de pago dentro do período legal, mentres que 290 estiveron en pendente de pago máis alá de 60 días. No segundo trimestre foron 642 as facturas que estiveron pendentes de pago dentro do período legal e aumentaron a 362 as facturas que permaneceron máis de 60 días en pendente de pago.

3) Facturas que transcorreron máis de tres meses sen que se recoñecese a obriga de pago.

A 30 de xuño de 2014 figuran 112 facturas por un total de 1.120.944,98€ En relación coas mesmas se acompaña a este informe a relación de requerimentos feitos aos centros xestores para a tramitación das facturas.

4) Facturas pagadas, facturas pendentes de pago e facturas pendentes de pago de máis de tres meses:

No segundo trimestre do ano 2014 o importe de pagos feitos (11.982.651,07€) aumenta por encima da media dos anteriores trimestres salvo no primeiro do ano 2013 (13.190.185,66) e as facturas pendentes de pago descenden lixeiramente con respecto ó trimestre anterior ata 8.029.701,05€

5) Facturas pendentes de pago, desglosadas segundo estean en fase de obriga recoñecida ou en fases anteriores:

No segundo trimestre do ano 2014 a cifra de facturas en pendente de pago en fases previas ó recoñecemento da obriga (4.007.521,84€), é moi similar ás facturas pendentes en fase de obriga (4.022.179,21€).”

**9. DAR CONTA DA DOCUMENTACIÓN REMITIDA AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS CORRESPONDENTE AO SEGUNDO TRIMESTRE DO EXERCICIO DE 2014, RELATIVA AO SEGUIMENTO DO PLAN DE AXUSTE.**

Dáse conta ao pleno da documentación remitida ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, relativa ao seguimento do Plan de Axuste correspondente ao segundo trimestre do exercicio de 2014, que figura achegada ao expediente.

## **10. DAR CONTA DE PERSOAMENTOS, SENTENZAS E OUTRAS INCIDENCIAS EN RECURSOS CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVOS.**

Dáse conta ao pleno das seguintes sentenzas e persoamentos en materia contencioso-administrativa:

\* Sentenza do Tribunal Supremo, de data 1 de abril de 2014, ditada no recurso de casación 4285/2011 (procedemento de orixe 4446/2008), interposto por Don Francisco Javier Baltar Tojo contra o plan xeral de ordenación municipal.

\* Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza, de data 3 de abril de 2014, ditada no procedemento de recurso 4711/2008, interposto por Dona Lidia Isabel Otero contra o plan xeral de ordenación municipal (PXOM).

\* Persoamento no recurso de casación interposto por SANTIAGO SUR, SL contra a Sentenza do TSXG ditada no procedemento ordinario 4761/2007, que estimara parcialmente o recurso interposto pola citada mercantil contra o plan xeral de ordenación municipal.

## **11. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR EN COMISIÓNS INFORMATIVAS; DE NOMEAMENTOS DE CONCELLARÍAS DELEGADAS; CELEBRACIÓN SESIÓNS DA XUNTA DE GOBERNO; NOMEAMENTO DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO E TENENTES DE ALCALDE, E DE DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAL.**

Dase conta ao pleno dos seguintes decretos nas materias de nomeamento de concelleiros con dedicación exclusiva e parcial, designacións de presidente e vogais das comisións informativas, avocación de competencias, nomeamento de concellarías delegadas, celebración de sesións da Xunta de Goberno, e nomeamentos de membros da Xunta de Goberno e tenentes de alcalde:

### **Decreto da Alcaldía de data 9 de xullo de 2014, de nomeamento concelleiros/as con dedicación exclusiva e parcial:**

“**ACREDITADO** que os membros das Corporacións Locais teñen unha serie de dereitos económicos, entre os que destaca o seu dereito a percibir retribucións fixas na súa cuantía e periódicas no seu devengo, cando exerzan o seu cargo en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.

**VISTO** o acordo adoptado polo Pleno da Corporación na Sesión Extraordinaria realizada o día 7 de xullo de 2011 sobre “Cargos con dedicación exclusiva”, e, polo tanto con dereito a retribución.

**CONSIDERANDO** as competencias que me confire a lexislación vixente sobre a materia, en especial, o artigo 75, 75 bis e 75 ter da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a Disposición Transitoria décima da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, a Disposición Adicional nonaxésima da Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais de Estado, o artigo 13.4 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e a Orde de 12 de marzo de 1986 sobre Alta e Cotización ao Réxime Xeral da Seguridade Social dos membros de Corporacións Locais con Dedicación Exclusiva.

#### **RESOLVO:**

**Primeiro:** Designar para o desempeño do seu cargo en réxime de dedicación exclusiva, polo que percibirán as retribucións relativas ao Grupo A, Nivel 28, equiparable a xefe de servizo, aos/as seguintes/concelleiros/as:

Don Ángel Benito Currás Fernández.  
Don Ramón Quiroga Limia.  
Don Manuel Martínez Varela.  
Dona María José Corral López.  
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.  
Dona Teresa María Gutiérrez López.  
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.

**Segundo:** Designar en réxime de dedicación parcial (media xornada) para o desempeño do seu cargo a Don José María Rosende Rico, polo que percibirá o 50% das retribucións relativas ao Grupo A, Nivel 28, equiparable a xefe de servizo.

**Terceiro:** Desta resolución, que entrará en vigor no día de hoxe, **agás no caso do concelleiro Don Manuel Martínez Varela**, que entrará en vigor a partir do día 10 de xullo de 2014, darase conta ao Pleno da Corporación e notificarase aos interesados. Así mesmo, publicarase no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do que dispón o artigo 44 do do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.D. 2568/1986, de 28 de novembro).”

**Decreto da alcaldía de data 15 de xullo de 2014, de designación Presidente e vogais de comisións informativas:**

“**VISTA** a necesidade de nomear representantes do grupo municipal do PP nas diferentes Comisións Informativas ante as vacantes acaecidas e os nomeamentos dos novos/as concelleiros/as.

**CONSIDERANDO o disposto nos artigos** 20.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, artigos 123 a 126 e 134 a 138 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Por medio da presente,

**RESOLVO:**

Primeiro: Designar representantes do grupo municipal do Partido Popular na **Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas** aos seguintes concelleiros/as:

Presidente: Don Ramón Quiroga Limia.

Vogais:

Don Manuel Martínez Varela.  
Don Luís Meijide Rodríguez.  
Dona María de los Reyes Leis Rodríguez.  
Don José María Rosende Rico.  
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.  
Dona Marta González Vázquez.

Segundo: Designar representantes do grupo municipal do Partido Popular na **Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda e Medio Ambiente** aos seguintes concelleiros/as:

Presidenta: Dona Teresa María Gutiérrez López.

Vogais:

Dona María José Corral López.  
Don Luís Meijide Rodríguez.  
Don José María Rosende Rico.  
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.  
Don Ramón Quiroga Limia.

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.

Terceiro: Designar representantes do grupo municipal do Partido Popular na **Comisión da Área do Social, Cultura e Servizos**, aos seguintes concelleiros/as:

Presidenta: Dona María José Corral López.

Vogais:

Dona María Jesús Amparo Sáinz García.  
Dona Marta González Vázquez.  
Dona María de los Reyes Leis Rodríguez.  
Don Luís Mejjide Rodríguez.  
Don José María Rosende Rico.  
Doña María Ángeles Antón Vilasánchez.

Cuarto: Designar representantes do grupo municipal do Partido Popular na **Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións**, aos seguintes concelleiros/as:

Presidente: Don Manuel Martínez Varela.

Vogais:

Don Luís Mejjide Rodríguez.  
Don Ramón Quiroga Limia.  
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.

Quinto: Notificar a presente resolución aos interesados así como aos servizos administrativos correspondentes.

Sexto: Dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación na Primeira Sesión Ordinaria que este celebre, de acordo co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.”

#### **Decreto da Alcaldía, de data 2 de xullo de 2014:**

“Tendo previsto ausentarse do termo municipal a 1ª Tenente de Alcalde, Dona Reyes Leis Rodríguez, dende os días 3 ao 7 de xullo (ambos inclusive) de 2014, e para facilitar a xestión administrativa ordinaria;

RESOLVO: Avocar durante esas datas as súas competencias do seguinte xeito:

Polo concelleiro D. Luís Meijide Rodríguez exerceranse as competencias correspondentes a Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible, e as demais dentro dese orden de materias que aparecen recollidas nos decretos efectuados por esta alcaldía dende o decreto de 26-2-13 ata a data, así como as relativas á Brigada de Vías e Obras e xestión ordinaria de servizos básicos, sendo estes os seguintes: Recollida de lixo, abastecemento e saneamento de auga, alumeado público e limpeza viaria e as demais que aparecen recollidas nos decretos efectuados por esta alcaldía dende o decreto de 26-2-13 ata a data.

Polo concelleiro D. José María Rosende Rico exerceranse as competencias relativas a Deportes e as correspondentes a Área de Participación Cidadá, e as demais dentro de ese orden de materias que aparecen recollidas nos decretos efectuados por esta alcaldía dende o decreto de 26-2-13 ata a data.

O resto de competencias, non comprendidas dentro de esta delegación serán exercidas por esta alcaldía.

Todo elo de acordo coas competencias que me outorgan os artigos 125 da Lei reguladora da Bases do Réxime Local e 33 e seguintes do Regulamento Orgánico de Goberno e Administración do Concello de Santiago de Compostela.

Desta resolución, que entrará en vigor o día de hoxe, darase conta ao Pleno da Corporación e notificarase aos interesados. Así mesmo, publicarase no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do que dispón o artigo 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.D. 2568/1986, de 28 de novembro) e artigo 34.2 do Regulamento Orgánico do Goberno e Administración do Concello de Santiago de Compostela (ROGA).”

**Decreto da Alcaldía, de data 9 de xullo de 2014, sobre nomeamento Concellerías Delegadas:**

“Co obxectivo de aproveitar ao máximo a estrutura do goberno existente, así como intentar conquistar unha Administración onde prime o rigor e a eficacia, e en exercizo da competencia que me outorga o artigo 124 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local e 31 e seguintes do Regulamento orgánico de goberno e administración do Concello de Santiago de Compostela (B.O.P. 6 de marzo de 2012)

**RESOLVO:**

**Primeiro:** Nomear **Delegados desta Alcaldía** aos/ás concelleiros/as que a seguir se relacionan, coas facultades de dirección e xestión dos servizos que ao final se sinalan:



**A Dna. REYES LEIS RODRÍGUEZ, ÁREA DE ECONOMÍA**, na que se integra, Fomento e Promoción Económica, Mercados, Matadoiro Municipal, Emprego e Turismo, Comercio, Turismo e Consumo.

**A D. RAMÓN QUIROGA LIMIA, ÁREA DE FACENDA**, na que se integra Orzamentos, Compras e suministros e xestión tributaria. Así mesmo, dentro do que indiquen as bases de execución do orzamento, corresponderanlle as seguintes competencias:

- Recoñecemento e liquidación de obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos.
- Ordenación de pagamentos, que inclúe a sinatura nos documentos nos que se formaliza o pago material.
- Competencias relativas ao exercicio da responsabilidade patrimonial que corresponden a esta Alcaldía previstas no título X da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como no Real decreto 429/93, do 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial

**A D. MANUEL MARTÍNEZ VARELA, ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**, con competencias en Réxime Interior, Persoal, Informática, Contratación, Atención Cidadá, Documentación e Arquivo.

**A Dna. TERESA GUTIÉRREZ LÓPEZ, ÁREA DE DESENVOLVEMENTO URBANO E SOSTIBLE**, con competencias en Licenzas, Disciplina Urbanística, Vivenda, Rehabilitación, Xardíns, Servizos Municipais (auga, saneamento, lixo), cemiterios, brigada de obras, servizo de mantemento de pavillóns, colexios e garderías, sanidade e Medio Ambiente. Así mesmo deléganse as competencias seguintes:

- As outorgadas a esta alcaldía pola lexislación urbanística, así como as competencias relativas ao exercizo da potestade expropiatoria deste Concello e as que na súa representación corresponden a esta alcaldía en procedementos de expropiación forzosa doutras Administracións.
- A orde de expedición e visto e prace das certificacións que se xeneren no ámbito da súa Área, así como a sinatura dos actos de trámite que remitan desde esa concellaría e que non estean atribuídas especificamente a outros órganos.

**A DON LUÍS MELJIDE RODRÍGUEZ**, con atribución específica dentro da Área de Desenvolvemento urbano e sostible, das competencias do Servizo de Obras e Proxectos.

**A D. ALEJANDRO SÁNCHEZ-BRUNETE VARELA, ÁREA DE SEGURIDADE E MOBILIDADE**, con competencias sobre tráfico, grúa, ORA, Policía, Bombeiros e Protección Civil. Deléganselle así mesmo as seguintes competencias:

- Sancionadora por infraccións cometidas en materia de Tráfico e Seguridade Vial nas vías urbanas deste Concello.
- De outorgamento das autorizacións e licenzas previstas no Real decreto 137/1993, do 29 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de armas e a competencia sancionadora das infraccións relacionadas coa aplicación da citada norma.
- Sancionadora das infraccións cometidas en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas previstas na lexislación de seguridade cidadán.
- Sancionadora das infraccións cometidas en materia de prevención de consumo de bebidas alcohólicas previstas na correspondente lexislación.

Delegar as funcións que como alcalde me corresponden na Agrupación de Voluntarios de Protección Civil deste Concello, no concelleiro delegado da Área de Seguridade e Mobilidade.

**A Dna. MARÍA JOSÉ CORRAL LÓPEZ, ÁREA DE SERVIZOS SOCIAIS**, que comprende Familia, Educación, Muller, Igualdade, Benestar Social, Maiores, Xuventude, Normalización Lingüística e Deportes.

Delegar nesta concelleira delegada o exercizo da potestade sancionadora derivada das prohibicións establecidas no artigo 67.1 e 67.7 da Ordenanza Municipal de Convivencia, Residuos e Limpeza Viaria (BOP nº 85 do 17 de abril de 2009).

**A D. JOSÉ MARÍA ROSENDE RICO, ÁREA DE MEDIO RURAL E RELACIÓNS VECIÑAIS**, as competencias nestas materias, e especificamente en Centros Socioculturais.

**A Dna. MARÍA ÁNGELES ANTÓN VILASÁNCHEZ, ÁREA DE CULTURA E PATRIMONIO**, con competencias en Patrimonio Histórico, Camiño de Santiago, Cultura, Festas e Actividades Recreativas e relacións co Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela e o Grupo de Cidades de Patrimonio da Humanidade. Así como as competencias relativas á concesión de licenza para a entrada en funcionamento das instalacións eventuais, portátiles ou desmontables e en xeral para as pequenas diversións que se dean ao público, como feiras e verbenas, en barracas provisionais ou ao aire libre, cabaliños xiratorios, carruseis, columpios, tiro ao branco e similares.

**A D. ÁNGEL CURRÁS FERNÁNDEZ, ÁREA DE RELACIONES INSTITUCIONAIS.**

**Segundo:** A delegación da Alcaldía inclúe, de acordo co previsto no artigo 124 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, as seguintes competencias:

- \* Dirixir, inspeccionar e impulsar os servizos ou áreas respectivas.
  
- \* Autorizar as actuacións e os gastos e pagamentos correspondentes dentro dos límites que estableza a Xunta de Goberno Local e as Bases de Execución do Orzamento.
  
- \* Organizar o funcionamento ordinario dos departamentos en aras a conseguir a optimización dos recursos materiais e humanos de acordo co establecido na relación de postos de traballo e na normativa aplicable.
  
- \* Proponer a definición dos procesos de selección e dotación de persoal incluído no ámbito de responsabilidade da concellaría.
  
- \* Dirixir os actos ordinarios de trámite administrativo, ordenar a tramitación de expedientes e formular as propostas que corresponda resolver a calquera dos órganos do goberno municipais.
  
- \* Cada concelleiro/a terá delegación de sinatura para as competencias recollidas nos epígrafes anteriores, debendo dar conta á primeira Xunta de Goberno que se celebre de todas as resolucións asinadas polos/as concelleiros/as, así como para os acordos e convenios que correspondan á súa área con outras instancias ou entidades, logo da aprobación pola Xunta de Goberno Local cando non estea incluído nas súas competencias.
  
- \* No referente á sinatura dos actos derivados de competencias non delegadas nos/as concelleiros/as será efectuada polo Alcalde, titular ou accidental, polo/a Concelleira da Área de Desenvolvemento urbano e sostible ás relativas á área sinalada, polo/a Concelleiro/a da Área de Facenda, ás relativas á citada área, e con carácter xeral polos tenentes de alcalde. Aos tenentes de alcalde se lles delega a sinatura do visto e prace nas certificacións expedidas a salvo as delegacións que podan corresponder nesta materia a outra concellería.
  
- \* A celebración de vodas.
  
- \* Delegar nos/as concelleiros/as das respectivas concellarías as facultades de representación desta alcaldía para a petición, tramitación e aceptación das subvencións convocadas por persoas xurídicas públicas ou privadas. Esta delegación non afecta ás

competencias que nesta materia poidan estar atribuídas á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela ou a outros órganos municipais.

A delegación de competencias comprenderá a facultade de resolver os recursos de reposición contra os actos ditados polo órgano delegado.

**Terceiro:** Desta resolución, que entrará en vigor o día de hoxe, darase conta ao Pleno da Corporación e notificarase aos interesados. Así mesmo, publicarase no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do que dispón o artigo 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.D. 2568/1986, de 28 de novembro).”

**Decreto da Alcaldía, de data 11 de xullo de 2014:**

“En relación ao decreto desta Alcaldía, de data 9 de xullo de 2014, asunto “**Nomeamento Concellerías Delegadas**”,

**RESOLVO:**

Efectuar as seguintes modificacións:

Onde se enumeran as competencias delegadas de **Don José María Rosende Rico**, debe excluírse “Centros Socioculturais”.

Onde se enumeran as competencias delegadas de **Dona María Ángeles Antón Vilasánchez**, debe incluírse “Centros Socioculturais”.

Onde se enumeran as competencias delegadas de **Dona Teresa Gutiérrez López**, debe incluírse “Planeamento”.

Desta resolución que entrará en vigor o día de hoxe, darase conta ao Pleno da Corporación e notificarase aos interesados. Así mesmo, publicarase no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do que dispón o artigo 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (RD 2568/1986, de 28 de novembro.”

**Decreto da Alcaldía, 10 de xullo de 2014:**

“En base ás competencias que se me atribúen no artigo 125 e 126 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

**RESOLVO:**

Que a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela celebre sesión de carácter ordinario unha vez por semana, os venres ás 10:00 horas, agás que coincida en día festivo, suposto no que se trasladará ao día hábil anterior á mesma hora.

Celebraranse sesión de carácter extraordinario de conformidade co establecido nas disposicións vixentes.

Este Decreto entrará en vigor no día de hoxe.”

**Decreto da Alcaldía, de 9 de xullo de 2014:**

**“Asunto: nomeamento membros Xunta de Goberno Local e Tenentes de Alcalde**

En base ás competencias que me outorga o artigo 126.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e o artigo 40 do Regulamento Orgánico de Goberno e Administración do Concello de Santiago de Compostela

**RESOLVO:**

**Primeiro:** Nomear membros da Xunta de Goberno ós/as seguintes concelleiros/as:

**Dna. TERESA MARÍA GUTIÉRREZ LÓPEZ**, concelleira delegada Área de desenvolvemento urbano e sostible.

**Dna. MARÍA ÁNGELES ANTÓN VILASÁNCHEZ**, concelleira delegada Área de Cultura e Patrimonio.

**D. ALEJANDRO SÁNCHEZ-BRUNETE VARELA**, concelleiro delegado Área de Seguridade e Mobilidade, que será asemade o voceiro do grupo municipal do PP.

**D. MANUEL MARTÍNEZ VARELA**, concelleiro delegado Área de Réxime Interior e Administración Pública, que asumirá ás funcións de concelleiro-secretario.

**Dna. MARÍA JOSÉ CORRAL LÓPEZ**, concelleira delegada Área de Servizos Sociais.

**D. RAMÓN QUIROGA LIMIA**, concelleiro delegado Área de Facenda.

**Dna. REYES LEIS RODRÍGUEZ**, concelleira delegada Área de Economía.

**Segundo:** En base ás competencias que me outorga o artigo 125 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e o artigo 50 do Regulamento Orgánico de Goberno e Administración do Concello de Santiago de Compostela,

**RESOLVO:**

Nomear **primeira tenente de alcalde** a **DNA. TERESA MARÍA GUTIÉRREZ LÓPEZ.**

Nomear **segunda tenente de alcalde** a **DNA MARÍA ÁNGELES ANTÓN VILASÁNCHEZ.**

Nomear **terceiro tenente de alcalde** a **D. ALEJANDRO SÁNCHEZ-BRUNETE VARELA.**

Os Tenentes de Alcalde asumirán as funcións do Alcalde, por delegación expresa, nos supostos de ausencia, enfermidade ou impedimento legal.

No caso de ausencia por máis de vinte e catro horas e sen haber delegado, ou ante a imposibilidade de outorgala por causa imprevista, o Tenente de Alcalde correspondente substituirá ao Alcalde na totalidade das súas funcións, dando conta diso ao resto da Corporación.

O Tenente de Alcalde substituirá automaticamente ao Alcalde na Presidencia si durante a celebración dunha sesión debese absterse de intervir nalgún punto concreto da mesma, segundo o previsto no artigo 76 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

*[Por concorrer algunha das causas recollidas na Lexislación de procedemento administrativo e de contratos das Administracións Públicas].*

**Terceiro:** Desta resolución que entrará en vigor o día de hoxe, darase conta ao Pleno da Corporación e notificarase aos interesados. Así mesmo, publicarase no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do que dispón o artigo 44 do do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.”

**12. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

Antes de dar comezo ao estudo deste punto sae do salón de plenos dona Marta Álvarez Santullano quen non se incorpora ao resto da sesión.

Dáse conta de resolucións ditadas pola alcaldía e polas concellarías delegadas do 2 de xuño ao 1 de xullo de 2014 (núms. 3989 ao 4741), ámbolos dous incluídos.

Dáse tamén conta ao pleno das actas da Xunta de Goberno correspondentes ás sesións que a de seguido se transcriben:

Sesión extraordinaria urxente do día 6 de xuño de 2014 (número. 36).

Sesión ordinaria do día 12 de xuño de 2014 (número. 37).

Sesión ordinaria do día 19 de xuño de 2014 (número. 38).

Sesión ordinaria do día 26 de xuño de 2014 (número. 39).

Sesión extraordinaria urxente do día 30 de xuño de 2014 (número. 40).

Sesión ordinaria do día 3 de xullo de 2014 (número. 41).

Sesión extraordinaria urxente do día 11 de xullo de 2014 (número. 42).

### **13. ROGOS E PREGUNTAS.**

#### **ROGOS E PREGUNTAS DO BNG.-**

##### **ROGOS.-**

**1. Rexistro de entrada do día 7 de xullo de 2014, número. 140, solicitando axilización na tramitación das licenzas municipais.**

**2. Rexistro de entrada do día 11 de xullo de 2014, número. 143, solicitando que se restableza o servizo de cafetería na estación de autobuses.**

**3. Rexistro de entrada do día 17 de xullo de 2014, número. 148, solicitando que se mellore o servizo de transporte urbano.**

##### **PREGUNTAS.-**

**1. Rexistro de entrada do día 25 de xuño de 2014, número. 135 (para a súa resposta por escrito), relativa ao cumprimento da normativa de prevención de incendios.**

**2. Rexistro de entrada do día 30 de xuño de 2014, número. 137 (para a súa resposta por escrito), en relación á construción da pista ao cemiterio de Aríns.**

**3. Rexistro de entrada do día 30 de xuño de 2014, número. 138 (para a súa resposta por escrito), en relación á falta de limpeza nos contedores e a deficiencia da limpeza nas rúas da cidade.**

**4. Rexistro de entrada do día 4 de xullo de 2014, núm. 139 (para a súa resposta por escrito), en relación á convocatoria da comisión de reclamacións e suxestións nestes dous últimos meses.**

**5. Rexistro de entrada do día 7 de xullo de 2014, núm. 141 (para a súa resposta por escrito), en relación ao arranxo do lavadoiro de Conxo.**

**6. Rexistro de entrada do día 10 de xullo de 2014, núm. 142 (para a súa resposta por escrito), en relación aos residuos depositados por unha clínica situada na rúa de María Zambrano do Castiñeiriño.**

**7. Rexistro de entrada do día 14 de xullo de 2014, núm. 144 (para a súa resposta por escrito), en relación aos ingresos a favor do concello pola explotación dos servizos de grúa e ORA.**

**8. Rexistro de entrada do día 21 de xullo de 2014, núm. 153 (para a súa resposta por escrito), en relación ao Plan sectorial de aparcadoiros disuasorios.**

**9. Rexistro de entrada do día 23 de xullo de 2014, núm. 158 (para a súa resposta por escrito), en relación ao aumento das persoas que solicitaron a RISGA na noca cidade.**

**10. Rexistro de entrada do día 28 de xullo de 2014, núm. 162 (para a súa resposta por escrito), en relación ao importe das facturas aboadas a compañías de artes escénicas e musicais galegas por parte do Auditorio e dos departamentos municipais de centros socioculturais e festas.**

#### **ROGOS E PREGUNTAS DO PSdeG-PSOE.-**

##### **ROGOS.-**

**1. Rexistro de entrada do día 18 de xullo de 2014, núm. 149, solicitando que se subsanen as deficiencias na rúa da Queimada.**

**2. Rexistro de entrada do día 22 de xullo de 2014, núm. 155, solicitando que se eliminen as pintadas no barrio de Fontiñas.**

##### **PREGUNTAS.-**



**1. Rexistro de entrada do día 18 de xullo de 2014, núm. 150 (para a súa resposta por escrito), relativa á remisión do informe relativo ao Plan de Axuste ao Ministerio.**

**2. Rexistro de entrada do día 18 de xullo de 2014, núm. 151 (para a súa resposta por escrito), relativa a cantos contratos ten asinados o Concello con D. Carlos Bóveda Casado.**

**3. Rexistro de entrada do día 18 de xullo de 2014, núm. 152 (para a súa resposta por escrito), en relación ao estado dunha finca na rúa dos Porróns.**

**4. Rexistro de entrada do día 22 de xullo de 2014, núm. 156 (para a súa resposta por escrito), en relación mesa de contratación do servizo de asistencia xurídica ao Concello.**

Don Rubén Cela expón un rogo do BNG, sobre a axilización da tramitación de licenzas municipais. Di que ven motivado pola recepción por parte do seu grupo de diferentes queixas de veciños e veciñas de Santiago sobre a falta de dilixencia por parte do goberno local na xestión ordinaria de licenzas municipais preceptivas para a execución de obras.

Por desgraza di que todos e todas os presentes coñecen múltiples casos. Ao respecto di que comentará dous un do ámbito rural e outro do ámbito urbano a título de exemplo, para que se visualice mellor o que están a denunciar.

En primeiro lugar expón o caso do titular dunha explotación agraria que ven de perder as axudas da Xunta para a modernización das súas instalacións ao non poder presentar as correspondentes licenzas que se deben estender por parte do Concello de Santiago para executar esas obras previstas, xa que non se entregaron antes do 30 de xuño prazo prorrogado para a presentación da documentación que se lle require nesa convocatoria da Consellería do Medio Rural.

O segundo, o caso dunha solicitude de licenza rexistrada o día 1 de abril para protección fronte á humidade da fachada dun edificio de duascenas vivendas actuación, que é preciso realizar en tempo seco. Sinala que a día de hoxe, 31 de xullo, aínda non hai resposta e pasaron 4 meses, 121 días. Esa falta de dilixencia provoca graves prexuízos aos veciños e veciñas afectados en primeira instancia, pero tamén supón un problema en termos económicos e laborais para o conxunto de Santiago. Constátase unha drástica freada da construción de vivenda nova, coas consabidas consecuencias no sector. Non entanto existen múltiples peticións de obras menores para arranxos e rehabilitacións que non se facilitan, nin se axilizan. O concello cobra puntualmente as respectivas taxas e impostos, pero non permite que se executen nun prazo razoable.

Neste estado de cousas non parece que sexa o mellor xeito posible de paliar esta situación o recente anuncio de que pecha o rexistro de urbanismo durante o mes de agosto, de xeito, que pechan tamén os servizos de cita previa, e de información urbanística por vez primeira dende que se creou. Isto é debido a unha grave falta de organización, de coordinación e de previsión, que unidas ás políticas de recortes e de non reposición de persoal acaban pagando aqueles cidadáns e cidadás que nestes tempos difíciles queren abrir ou adaptar un negocio e precisan realizar estes trámites.

O feito de que previsiblemente deriven os teléfonos ao servizo de atención ao cidadán, tampouco é a solución, porque se require de formación especializada que aínda que quixeran, non llela poden ofrecer. Polo exposto dende o Bloque Nacionalista Galego, solicitan que se reorganice o departamento de urbanismo, se axilicen as tramitacións de licenzas e o proceso de sinatura por parte do responsable político desta área, para evitar as consecuencias negativas para a economía local que provoca este desleixo, que mesmo está a coartar o crecemento nestes tempos de graves dificultades para pequenas e medianas empresas.

Dona Teresa Gutiérrez expón que son conscientes de que hai certos retrasos nas licenzas, e é obxectivo deste goberno axilizar ao máximo esta situación.

Neste sentido di que están a adoptar varias medidas encamiñadas a solucionar o problema. Por exemplo, a Xunta de Goberno Local, aprobou o pasado 26 de xullo a adaptación dos modelos normalizados de comunicación previa de obras de actividade á Lei 9/2013 do emprendemento da competitividade económica de Galicia, que permite que moitas das obras que antes precisaban licenza, se fagan por comunicación previa, co que o cidadán non ten que esperar á comunicación da administración co conseguinte aforro de tempo.

No tocante ás competencias do concello establecéronse medidas tendentes a axilizar a tramitación da xestión ordinaria das obras solicitadas, cos procedementos de comunicación previa ás obras que poidan afectar para todo tipo de solos, solo rústico, non urbanizable, cidade histórica, perímetro azul, e o trazado do camiño de Santiago, sempre que sexan autorizables, salvo en edificios catalogados ou declarados BIC.

Hoxe mesmo, deron conta na Xunta de Goberno co obxecto de axilizar os trámites a un acordo que tomou a Comisión Asesora de patrimonio histórico o 4 de xullo de 2014 no que se establecen uns criterios de conservación dentro do perímetro azul, de tal forma que as obras menores que se axusten a estes criterios poidan ser autorizadas polos técnicos directamente sen necesidade de ir á comisión de patrimonio, previa revisión de que se axustan aos mesmos.

Aínda así, di que non hai que esquecer, que hai certos aspectos que a lexislación urbanística obriga a que pasen por un informe sectorial, moitos deles, dependentes doutras administracións, como é o caso das autorizacións previas en rústica, o trazado do camiño de Santiago, ou obras maiores no perímetro azul que precisan as correspondentes autorizacións e informes preceptivos que non é posible axilizar no concello.

Con respecto ao peche do rexistro, di que o rexistro de urbanismo abriuse neste mandato para axilizar. En todo caso precisa que o rexistro xeral do concello segue aberto e dará o servizo. Indica que os funcionarios do concello tamén teñen dereito a irse de vacacións, polo que lles pareceu o máis prudente non diminuír os efectivos que están a tramitar e en cambio derivar os labores de rexistro ao rexistro xeral.

Polo que respecta ás explotacións agrarias, refírese a que examinados os expedientes que teñen nas dependencias de licenzas, hai catro en tramitación, que despois de ser examinados polos técnicos municipais, non contaban coa documentación completa, por iso non puideron obter a licenza. Requiriuse a subsanación da documentación, un deles non a presentou, e os outros tres agora mesmo están pendentes de informe.

O seguinte rogo do BNG vai referido a que se restableza o servizo de cafetería na estación de autobuses.

Dona Elvira Cienfuegos López expón que o servizo de cafetería ou de cafetería-restaurante é un servizo común nas estacións de autobuses, mesmo nas que teñen unha actividade moi inferior á de Santiago, un servizo moi importante no que a falta se fai máis relevante no período estival, onde a estación rexistra un incremento da actividade.

O servizo na estación de Santiago pechouse en marzo deste ano, deixando sen traballo a un colectivo de profesionais que levaba moitos anos desenvolvendo alí a súa actividade, e cos que o anterior concelleiro responsable da área tiña adquirido públicamente o compromiso de velar pola súa continuidade, tal e como ratificou o pleno ordinario de febreiro despois de resultar deserto o primeiro dos concursos, comprometéndose á volver recoller nos seguintes pregos do concurso a subrogación dos traballadores. Sucede que o segundo dos concursos tamén quedou deserto, polo que se acordou iniciar novos estudos que determinaran as condicións para facer atractiva a xestión do servizo, tal e como se recolleu nunha reunión do Consello de Tussa o 25 de abril do presente ano. Dende entón ata hoxe, van tres meses, e boa parte do verán, e non se coñecen resultados que permitan albiscar un próximo restablecemento do servizo e ademais cada día que pasa redúcense para os traballadores as garantías de recuperación do seu posto.

Están diante dun triplo problema, a estación sen servizo de cafetería, os traballadores sen traballo, e TUSSA sen percibir as contribucións económicas derivadas da concesión.

Polo tanto o BNG solicita que se axilice a procura dunha solución para restablecer o antes posible o servizo de cafetería-restauración na estación de autobuses en condicións que permitan a continuidade dos traballadores.

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela di que vai ser moi conciso, aínda que a súa concisión é inversamente proporcional ao pesar que sente o grupo municipal popular pola situación dos traballadores, e tamén ao ánimo solidario que lles amosa.

Lembra que o servizo de explotación das cafeterías en Galicia está en crise en varias cidades galegas, e tamén que os representantes do grupo popular no Consello de Administración de Tussa fixeron todo o posible por favorecer as expectativas laborais dos traballadores. Precisa que o asunto está sub iudice, a sentenza recaerá máis ou menos, a finais do mes de setembro ou a principios de outubro, e a prudencia e a lóxica aconsellan agardar o pronunciamento xudicial e a partir de aí será cando poidan albiscar e axilizar algunha solución.

O seguinte rogo do Bloque Nacionalista é o relativo á mellora do servizo do transporte urbano.

En relación co mesmo dona Elvira Cienfuegos explica que o transporte público colectivo é unha alternativa ecolóxica, social e solidaria que ten que servir para favorecer a vertebración territorial dos núcleos, que en Santiago superan os 250, aínda que eses percorridos non teñan a ocupación da liña 1 e da liña 6. O que reclaman é que non se reduzan ou se omitan outros cos maiores usos e posibilidades, tamén no ámbito rural. Di que o concello debe impulsar o transporte público colectivo, favorecer a súa utilización. Así se contemplaba no programa co que o PP se presentou ás eleccións no ano 2011, que no relativo ao medio rural prometía aumentar as frecuencias dos buses, e ampliar os itinerarios.

Recorda que en setembro do ano 2013, como consecuencia da aplicación dunha sentenza, reducíronse notablemente as frecuencias de transporte urbano que prestaba servizo ao Son e arredores, unha zona con gran número de núcleos, e cunha poboación relativamente importante, e que segundo a veciñanza tivo servizos de buses dende os anos 70.

No pleno do mes de xaneiro deste ano, o goberno municipal respostaba a un rogo do BNG, de restablecemento do servizo coa promesa de buscar solucións, pero a día de hoxe, aínda non as hai, como tampouco as hai para a demanda veciñal de prolongar a

liña de Aradas ata Lamascal con regreso por Brins; unha proposta que segundo os responsables de mobilidade do concello había tempo que estaba en estudo, cando o BNG a formulou en decembro de 2013.

Ademais no período estival redúcense as frecuencias dalgunhas liñas de autobuses o que engade dificultades a zonas e servizos que xa habitualmente non dispoñen dun transporte público que satisfaga as necesidades. No acceso ao asilo de San Marcos, Figueiras, transporte a áreas do Son, as frecuencias son tan escasas que fan case imposible a utilización do autobús urbano para usos habituais como o traballo, visitas de saúde, compras, etc., actividades igualmente realizadas en tempo de verán.

Por exemplo, o transporte dende o Son queda reducido a unha saída do Son ás 7:25 con regreso dende o centro ás 20:30 horas.

O BNG solicita a restauración do servizo, cando menos un servizo de transporte público que dea solución ás principais necesidades e demandas da veciñanza do Son de Abaixo e arredores, a prolongación do transporte urbano de Aradas ata Lamascal, con retorno por Brins, e que non se reduzan no verán as frecuencias a zonas que xa habitualmente contan só cun servizo precario de transporte público.

Don Alejandro Sánchez-Brunete lembra que cando se transpuxo ao ordenamento xurídico español a directiva de servizos, fíxose a través de dúas leis que recibiron un nome un tanto peculiar e metafórico, como foi a lei paraugas, e outra foi a lei ómnibus. Ao respecto di que estes días considerando este rogo chegou á conclusión de que presentaban un rogo que podería cualificarse respectuosamente de rogo ómnibus, porque inclúe cuestións de moi diversa natureza.

No caso de Figueiras sorpréndelle un pouco, porque Figueiras é unha das parroquias que conta co mellor servizo de transporte urbano.

No caso de San Marcos precisa que o acceso a San Marcos conta coas mesmas frecuencias que tiña no inverno, coa salvidade do viaxe viario que se facía ao centro de Aspas, que cesou a súa actividade momentaneamente na segunda quincena de xullo.

Verbo do caso do Son di que é moito máis complicado e advirte que non houbo unha diminución de frecuencias. Concreta que no Son había tres frecuencias e segue a ter tres frecuencias. Cando houbo unha diminución de frecuencias no ámbito do Son, nas cercanías do Son, no Polígono do Tambre, daquela reaccionou o goberno municipal, e a través da sociedade TUSSA contratouse a autos Garabanxa para o reforzo das liñas perimetrais.

Hoxe mesmo falou coa Directora Xeral de Mobilidade, porque como todos saben existe un problema de incerteza xurídica a respecto da titularidade das liñas. Neste sentido di que cando se despexe esa incerteza xurídica poderán considerar o incremento das frecuencias.

Polo que se refire á extensión da liña de Aradas di que están dispostos a considerala. En todo caso dille ao BNG que non debe ter dúbidas sobre o compromiso do grupo municipal popular co ámbito rural. Teñen concelleiros especificamente volcados na atención ao ámbito rural, e son un partido historicamente caracterizado por ese compromiso, e por entender o transporte público como un xeito de evitar a exclusión social e a integración do mundo rural no urbano.

Engade que teñen que traballar en orde a estender o transporte público, e a fornecer a rede de transporte público, pero con criterios obxectivos e de sustentabilidade, porque de nada valería debuxar máis liñas de autobuses, un reparto máis forte das frecuencias, se non é sustentable e se dentro dalgún tempo quen lle suceda ten que desdebuxalo.

Empraza á señora Cienfuegos a retomar estas cuestións no ámbito da sociedade municipal, para abordalas quizás, dun xeito máis reflexivo e menos impulsivo.

O seguinte rogo fórmalo o grupo municipal socialista e vai referido ás obras realizadas na rúa da Queimada.

Don Bernardino Rama Seoane expón que recentemente se realizaron obras de aglomerado na rúa da Queimada e na rúa Mallou, no barrio de Meixonfrío, e sucede que en moitos puntos da calzada as gabias están abertas e non se colocaron tubos de recollida de pluviais. Trátase dunha rúa estreita e os foxos que deixaron na calzada ocasionan un perigo evidente para os condutores, tal e como se pode observar nas fotografías que se xuntaron co rogo.

Por iso o grupo municipal socialista pídelo ao goberno municipal que canto máis rápido posible, cre que ten bastante urxencia, manden aos técnicos a tapar as gabias na rúa da Queimada e na rúa de Mallou, para poder evitar algún percance, pois están nun estado moi perigoso.

Dona María Teresa Gutiérrez lembra que recentemente levouse a cabo a pavimentación desta rúa que polo seu estado de abandono precisaba desta actuación co fin de que os veciños e veciñas que por ela transitan poidan facelo en mellores condicións. Ademais de mellorar a calzada, puxéronse en cota as tapas do saneamento e fíxose a conexión de pluviais modificada para que sexa recollida e non afecte ao novo asfalto. Meteuse unha canalización de pluviais no límite do ancho do vial, precisamente para aproveitalo ao máximo, xa que esta rúa é moi estreita. Fíxose segundo o previsto e nese momento non

se contemplaban medidas de protección das entradas de auga. Indica que os técnicos consideran necesaria a actuación nisto, polo que agora mesmo di que xa se están a deseñar e a calcular as tapas da canalización de pluviais para que ademais de permitir a entrada da auga, quede máis segura a circulación na vía.

O seguinte rogo do grupo municipal socialista é o relativo ás pintadas sen borrar.

Don Gonzalo Muíños Sánchez explica que o motivo deste rogo é a proliferación de pintadas en diferentes inmobles públicos e privados, así como no mobiliario urbano de toda a cidade, pero moi especialmente no barrio das Fontiñas durante os últimos meses.

O grupo municipal socialista ven observando que transcorren meses dende que aparecen ata que se eliminan as pintadas, como exemplo, a do pavillón polideportivo das Fontiñas, aínda que unha vez que se presentou no rexistro este rogo ilustrado cunha imaxe do pavillón, o goberno moi dilixentemente procedeu á súa eliminación. Non en tanto, no barrio existen outras pintadas nos pasos de peóns, nos contenedores, nas papeleiras, na ludoteca, etc., que despois de meses seguen sen limpar, quizás porque non se fotografaron.

Indica que se para a eliminación de cada pintada se necesita da presentación dun rogo ao pleno, cómpre a tramitación dunha modificación do regulamento municipal para que os grupos poidan presentar sen límite ningún, tantos rogos como sexan necesarios.

Por todo isto prega que á maior brevidade posible se eliminen todas as pintadas realizadas nos últimos meses no barrio de Fontiñas, así como noutros ámbitos da cidade, porque afectan moito á boa imaxe da mesma.

Dona M<sup>a</sup> Teresa Gutiérrez di que está totalmente de acordo con que as pintadas dan unha mala imaxe da cidade. Aínda así, cre que xunto co rogo de que se limpen debería rogarse que se eduque para que non se produzan.

No caso dalgunha das pintadas que se indicaron quizás o que houbo foi unha falla de coordinación entre o servizo que habitualmente limpa as pintadas e a propia brigada. Precisa que o servizo cando considera que as súas actuacións para eliminar as pintadas non son as máis axeitadas, llelo e envía á brigada que ten máis capacidade, ou utiliza máis vías para solucionalo. Pode que non estiveran moi pendentes disto, pero di que seguirán a estar pendentes. Remata e reitera que a solución non é borrar as pintadas, senón que non se produzan e sinala que nisto, todos por igual teñen que participar.

O señor Alcalde di non hai preguntas para ser respostadas oralmente no pleno. Polo que atinxe ás preguntas formuladas para a súa resposta por escrito di que serán contestadas

en tempo e forma, no prazo de quince días dende que foron presentadas no rexistro do pleno.

#### **14. TOMA EN CONSIDERACIÓN DAS MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.**

##### **MOCIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.-**

##### **1. Rexistro de entrada do día 23 de xullo de 2014, núm. 157, sobre o xenocidio que o estado de Israel está acometer contra Palestina.**

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno, sobre o xenocidio que o Estado de Israel está a cometer contra Palestina.

##### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Nas últimas semanas centos de persoas foron asasinadas en Gaza polo exército israelí como consecuencia das ansias imperialistas do Estado de Israel. A estratexia de aniquilación do pobo palestino non se limita a masacre dos últimos días, senón que a política xenocida practicada polo Estado de Israel, a base de detencións masivas, batidas policiais, asasinatos, destrución de casas e infraestruturas vitais para o pobo palestino pode cualificarse como un crime de lesa humanidade.

Centos e centos de cidadáns e cidadás galegos/as e doutros lugares do Estado, solidarios co pobo palestino, manifestaron nestes días a súa raiba e a súa dor; o propio Parlamento galego aprobou, no pasado mes de maio, unha resolución unánime a prol do cumprimento das resolucións das Nacións Unidas para pór fin ao sometemento do pobo palestino e recoñecer os seus dereitos colectivos. Este acordo parlamentar de todas as forzas políticas galegas propuña camiñar cara á resolución dun conflito desigual onde un Estado poderoso esmaga un pobo, asasina mulleres e crianzas e planifica a eliminación total de quen só pretende vivir dignamente na súa terra.

Cómpre manifestar publicamente a necesidade de que cesen de inmediato as hostilidades e ataques contra o pobo palestino, porque o respecto á dignidade humana non é compatíbel co escenario de asasinatos, de destrución, de xenocidio calculado que o Estado de Israel está a exercer de maneira sanguinaria e cómpre entón que a comunidade internacional defenda os dereitos do pobo de Palestina e exixa do Estado de Israel o cumprimento da legalidade internacional, concretado nas múltiples resolucións do Consello de Seguranza da ONU que este país incumpe impunemente. Como galegas e galegos non podemos permanecer indiferentes, e por iso que denunciemos o silencio cómplice que consinte esta agresión militar contra o pobo de



Palestina do Goberno español e da UE porque esta é a hora de expresar a máis enérxica condena perante a operación de limpeza étnica que o Estado de Israel está a perpetrar contra o pobo palestino na Franxa de Gaza con prácticas terroristas contra poboación civil desarmada que se teñen traducido na morte de moitas crianzas.

Polo exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

## **ACORDO**

1. A Corporación municipal do Concello de Santiago de Compostela:

a) Condena o ataque criminal perpetrado polo Estado de Israel contra a faixa de Gaza e reclama que cesen de inmediato os ataques e bombardeos israelís contra o pobo palestino.

b) Solicita a finalización do bloqueio contra a faixa de Gaza, así como o derrubamento do muro do apartheid que Israel está a construír na Palestina ocupada. Tamén solicita ao Goberno español que abandone a súa actitude pasiva diante deste conflito e esixa ao Estado de Israel o cumprimento do Dereito Internacional e das resolucións que aprobaron as Nacións Unidas desde 1948, de reparto territorial, así como a resolución 194 que obriga a Israel a asumir o dereito ao retorno da poboación palestina á súa terra.

c) Apoia o boicot diplomático, comercial, académico e cultural ao Estado de Israel mentres non cumpra a legalidade internacional e non respecte os dereitos do pobo palestino. Ademais apoia os actos que se convoquen para expresar a repulsa social ao ataque criminal do Estado de Israel contra o pobo palestino da faixa de Gaza, e fai un chamamento á cidadanía deste concello, e á galega en xeral, para manifestar de maneira masiva nas rúas o rexeitamento a este xenocidio.

2. Dar traslado deste acordo ao presidente da Xunta de Galiza e ao presidente do Goberno español para que obren en consecuencia.

## **2. Rexistro de entrada do día 28 de xullo de 2014, núm. 163, para dar un prazo de seis meses para mellorar a seguridade no trazado ferroviario.**

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa do seu portavoz Rubén Cela e ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, relativa á necesidade de pór un prazo de seis meses aos compromisos de adoptar maiores medidas de seguridade no trazado ferroviario logo accidente acontecido hai un ano en Angrois.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En setembro de 2013, o Pleno da Corporación adoptou por unanimidade o acordo de instar ao Ministerio de Fomento, Adif e Renfe a revisar de xeito inmediato as condicións das entradas ferroviarias a Santiago de Compostela e á implantación do sistema de seguridade acaído á liña de velocidade alta en todo o trazado de Galiza. Porén, un ano despois da traxedia de Angrois non se corruxiron todas as deficiencias de seguridade nin se implementaron todas as medidas que se anunciaron por parte de Fomento.

Un dos autos do xuíz Aláez expresa que “é unha imprudencia que tantas vidas dependan da pericia dunha persoa, cando existen mecanismos técnicos ao noso alcance para evitar traxedias en caso de erros ou imprudencias do maquinista”. Máis recentemente, acusou de cometer unha “clamorosa infracción da normativa” para acelerar as obras a cambio de rebaixar a seguridade ferroviaria. Todo indica, e así o ratificou o propio presidente do ADIF, a que se se tivese empregado en todo o trazado Ourense-Santiago o sistema ERTMS en vez do ASFA dixital este fatal accidente poderíase ter evitado.

Todo isto evidencia unha clara discriminación de Galiza con respecto a outros lugares do Estado onde dispoñen de maiores medidas de seguridade ferroviaria. Na investigación xudicial dáse conta de que existen responsabilidades políticas ante a decisión de acurtar prazos e de recortar economicamente na dotación do sistema de seguridade que lle correspondía a este tramo, desoíndo incluso as advertencias sobre o perigo que entrañaba esa curva.

Por iso é grave que un ano despois da traxedia os trens sigan pasando pola curva da Grandeira sen que se corruxiran na súa globalidade as deficiencias detectadas. Por iso urxe a adopción de maiores medidas de seguridade ferroviaria e a posta en funcionamento do ERTMS en Galiza.

Polo exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

### ACORDO

O Concello de Santiago reclama que, no prazo de seis meses, se executen os compromisos adquiridos para a posta en funcionamento do ERTMS, para que non dependa só do factor humano garantir a seguridade ferroviaria.

**3. Rexistro de entrada do día 29 de xullo de 2014, núm. 166, solicitando que se executen as obras pendentes do Parque empresarial da Sionlla.**

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa do seu portavoz Rubén Cela e ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, relativa á necesidade de instar a Xestur a realizar as obras pendentes dende hai dous anos, cando se recepcionaron as obras do parque empresarial da Sionlla, para a súa inauguración.

## **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Unha parte importante do futuro económico da cidade pasa polo polígono industrial da Sionlla que ten un evidente potencial pola centralidade política e xeográfica de Santiago de Compostela, pola proximidade ao aeroporto e pola conectividade coas principais vías de alta capacidade que vertebran o noso país e nos comunican co resto da Península.

Trátase dunha actuación estratéxica de cara a unha maior diversificación da actividade económica de Compostela para reforzar a súa cativa industria e dende unha perspectiva de creación de novos postos de traballo e reactivación económica.

A Xunta de Goberno do Concello de Santiago, nunha sesión extraordinaria e urxente do 20 de novembro de 2012 adoptaba o acordo de recepcionar as obras definidas no proxecto sectorial e construtivo do parque empresarial da Sionlla e que foran executadas por Xestur. Así, a recepción da obra estaba condicionada ao cumprimento dos compromisos adquiridos con Xestur, en concreto, no prazo máximo de catro meses, a Xerencia de Xestur comprometéase a ter rematadas as obras pendentes.

En concreto, no parque empresarial da Sionlla quedou pendente rematar a rede de acometida de auga potábel dende a zona norte, rematar a acometida e soterramento da rede de enerxía eléctrica de alta tensión que discorre sobre os terreos do SUN-37 e que daría servizo á subestación de transformación e rematar o tramo do “viario orbital” nos extremos; un tramo importante no extremo que ha de conectar coa AP-9 e outro nas proximidades do enlace coa N-550.

Ademais destas tres cuestións fundamentais para o desenvolvemento desta área industrial, faltaban outras de xardinería, mobiliario urbano, sinalización viaria e cableado de alumeadado público e outros equipos, ademais de existir signos evidentes de deterioro nalgúns elementos de carácter menor como postes de luminarias, papeleiras, tapas de rexistro de diferentes redes, elementos de se dinamización e de seguridade viaria, que foron acrecentándose no transcurso destes case dous anos.

Transcorreron case dous anos dende que Agustín Hernández, en calidade de conselleiro, inauguraba este polígono no que fican máis de cen parcelas baleiras porque Xestur non rematou as actuacións comprometidas.

Polo exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

### **ACORDO**

Instar a Xestur a que se execute, de xeito inmediato, as obras pendentes no polígono da Sionlla para garantir a inclusión do enlace coa AP-9 nas obras de ampliación da autoestrada; a unha revisión da política de prezos e de captación de investimentos e, ademais, dar explicacións de por que non se acometeron as obras pendentes da rede de auga potábel dende a zona norte e o soterramento da rede de enerxía eléctrica de alta tensión no prazo previsto, co prexuízo que isto causa para a activación económica da cidade.

### **MOCIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE.-**

#### **1. Rexistro de entrada do día 28 de xullo de 2014, núm. 164, solicitando a revisión da normativa para a instalación de terrazas.**

Nos últimos tempos observamos como por toda cidade en xeral e no casco histórico en particular están a proliferar terrazas de estrutura fixa, nalgúns casos cunha superficie de envergadura. Cada vez temos máis exemplos de invasión e privatización do espazo público.

A aplicación da ordenanza aprobada sendo Conde Roa alcalde bota por terra os lexítimos intereses de toda a veciñanza, ao funcionar mediante decisións políticas arbitrarias e clientelares.

Son varios os casos nos que as terrazas xa instaladas non foron previamente ditaminadas pola Comisión Asesora de Casco Histórico, polo que descoñecemos se contan cos informes técnicos pertinentes (entre outros, o informe do servizo de Incendios). Noutros casos, a aplicación da ordenanza permite a tramitación dunha licenza de ocupación que non só dá como resultado a ocupación de prazas e rúas públicas, senón tamén a eliminación de prazas de aparcamento.

Por todo isto é polo que o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación para a súa aprobación a seguinte

#### **MOCIÓN:**

-Que se revise inmediatamente a normativa para a instalación de terrazas redactada polo goberno de Conde Roa.

-Que se leve a cabo a revisión e inspección do executado para ver se se corresponde co proxecto presentado para a concesión da licenza.

## **2. Rexistro de entrada do día 28 de xullo de 2014, núm. 165, en defensa dos rexistros civís e en contra da privatización do servizo.**

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN**:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Goberno que preside Mariano Rajoy vén de aprobar no Consello de Ministros do pasado venres día 4 de xullo o “Real Decreto Ley 8/2014 de Aprobación de Medidas Urgentes para el Crecimiento, la Competitividad y la Eficiencia”, o cal xa foi publicado no Boletín Oficial do Estado (BOE) ao día seguinte. Este Real Decreto, entre outras medidas de interese como a regulación dos horarios e a apertura nos comercios, os límites as taxas nos pagos en comercios con tarxetas de crédito, a privatización de AENA e as tarifas aeroportuarias, a liberación dos prezos enerxéticos, a regulación dos drones, etc. tamén regula a competencia do Rexistro Civil, que pasará a ser responsabilidade dos rexistradores que teñan ao seu cargo as oficinas do Rexistro Mercantil.

Ata o de agora a expedición de certificacións rexistrais realizábanse na súa maioría de maneira directa nas dependencias dos Rexistros Civís ou nos Xulgados de Paz nas propias localidades, é dicir o servizo prestábase de xeito directo e inmediato (agás aquelas que precisaban ser apostiladas polo Tribunal Superior de Xustiza, ou aquelas outras que se estendían sobre documentos doutros países).

Ademais o Real Decreto 8/2014 establece na súa Disposición adicional décimo novena sobre a Prórroga da entrada en vigor da Lei 20/2011, que regula o Rexistro Civil, que a data límite para a aplicación do disposto será o día 15 de xullo de 2015. Polo que tras a decisión por parte do goberno de Mariano Rajoy de entregarlle o Rexistro Civil aos Rexistradores Mercantís supón que os nosos veciños terán que desprazarse a unha cidade na que exista Rexistro Mercantil para realizar os trámites relativos aos expedientes rexistrais ou outra certificación que precisen, o cal ocasionará outro trastorno e dificultade a maiores para os e as cidadás, aos que cada día se lle infrinxen máis castigos por parte do goberno do Partido Popular poñéndolle constantes trabas e obstáculos para poder achegarse á administración. Está claro que o Goberno de presidente Rajoy e o ministro Gallardón con esta modificación só conseguen afastar un servizo público da sociedade e crearlle un custe adicional aos cidadáns.

Este é un paso para a privatización do Rexistro Civil, posto que os Rexistradores Mercantís, a pesares de ser funcionarios públicos do estado, actúan como empresas privadas, xa que os seus ingresos non proceden dos Presupostos Xerais do Estado, senón dos aranceis que lle cobran aos seus clientes, e polo tanto son a todos os efectos empresas privadas que ademais actúan como tales. A Disposición Adicional vixésimo segunda di que se creará unha “Corporación de Derecho Público”, a encargada da contratación, xestión, mantemento, conservación e actualización do sistema informático que xestionará e almacenará os datos de todas as oficinas do Rexistro Civil. Esta “Corporación de Derecho Público” terá personalidade xurídica propia e plena capacidade xurídica para o cumprimento dos seus fins, e estará formada polos rexistradores que en cada momento resulten responsables da levanza dos Rexistros Cívís e Mercantís. Polo que, os datos de millóns de persoas se poñerán en mans de empresas privadas que se encargarán de xestionalos e custodialos

A este entorpecemento e privatización do servizo hai que engadir os miles de postos de traballo que se destruírán, xa que os sindicatos denuncian a incerteza dos 2.500 funcionarios que traballan nos Rexistros Cívís de toda España, aos que hai que sumar o risco de perda do emprego para outros 2.500 interinos que traballan nos xulgados e tribunais.

En definitiva, o Real Decreto 8/2014 supón a defunción do servizo público que era o Rexistro Civil de tal xeito que, a partir de agora, un acto como a inscrición dun nacemento, unha defunción, un matrimonio, unha separación, un divorcio ou cambiar o nome e os apelidos vai a significar un novo atranco para a cidadanía por culpa dun goberno que só pretende destruír e rematar co servizo público da xustiza. Porque a esta decisión hai que sumarlle as desgraciadas medidas da Lei de Taxas e os recortes na xustiza gratuíta coa cal se impedía o acceso a centos de miles de persoas ao sistema xudicial, ademais de crear unha desigualdade ao convertela nunha xustiza para ricos. E posteriormente coa Lei Orgánica do Poder Xudicial que definitivamente arrasará coa xustiza de proximidade.

Pero o peor de todo é que esta modificación dos Rexistros Cívís se agache nun Real Decreto Lei de 170 páxinas, no que se abordan cuestións que afectan a oito ministerios, e que a parte sobre a privatización dos Rexistros apareza tan unicamente en seis disposicións adicionais e unha final, y só en seis parágrafos da exposición de motivos que ten una extensión de 30 páxinas; ademais de orixinar as protestas, non só dos grupos políticos da oposición, senón tamén de sindicatos, colectivos de xuíces e secretarios xudiciais e incluso do propio Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís porque foi imposto sen ningún de diálogo nin negociación.

Por todo o anteriormente exposto é polo que

## **SOLICITAMOS**

1. Instar ao Goberno de España a que elimine as Disposicións Adicionais décimo novena, vixésima, vixésimo primeira, vixésimo segunda, vixésimo terceira, vixésimo cuarta e a Disposición Final 8 do “Real Decreto Ley 8/2014 de Aprobación de Medidas Urgentes para el Crecimiento, la Competitividad y la Eficiencia” pola que se modifica a Lei 20/2011, de 21 de xullo, do Rexistro Civil.

2. Dar traslado do presente acordo a todos os grupos con representación no Congreso do Deputados.

O portavoz do Bloque Nacionalista Galego defende a toma en consideración da urxencia da moción sobre o xenocidio que o Estado de Israel está a cometer contra Palestina.

Don Rafael Vilar González relata que onte e antonte, como case todos os días das últimas semanas, o exército de Israel está a bombardear a franxa de Gaza. Un ataque militar indiscriminado que xa produciu máis de mil vítimas entre a poboación Palestina. Fala fundamentalmente de vítimas civís, de dúcias e dúcias de nenos e nenas abatidos polo fogo criminal do exército do Estado de Israel. Un Estado canalla que se beneficia do silencio cómplice, cando non de apoio incondicional de occidente.

Fronte a esta barbarie eles pensan que non é posible o silencio, e moito menos a equidistancia, xa que non se trata só do dereito internacional violentado sistematicamente en Israel. Trátase de dereitos humanos, uns dereitos pisoteados dende fai décadas na terra dos palestinos. Sen lugar a dúbidas en Palestina están a asistir a un novo apartheid, máis terrible aínda que o que avergoñou ao mundo en Sudáfrica non fai moitas décadas. Refírese a que a caída daquel réxime do apartheid sudafricano foi posible grazas a unha opinión pública a escala mundial que dixo basta, e iso obrigou a que os gobernos que facían a vista gorda, tivesen que mudar a súa política a respecto daquel país, demandando a fin do réxime do apartheid, e promovendo medidas como sancións económicas, etc., que o fixeron inviable.

No caso de Palestina faise máis necesaria que nunca a presión internacional para deter a agresión militar do réxime sionista de Israel, e así o está a entender boa parte da sociedade galega, que estes días tamén está a saír á rúa, solidarizándose con Palestina, co pobo palestino, reclamando o fin dos bombardeos sobre Gaza, e tamén o respecto aos dereitos colectivos do pobo Palestino.

Polo tanto, esta moción do grupo municipal do BNG o que busca é contribuír a ese clamor internacional en favor da paz en Palestina, en favor do respecto dos dereitos

humanos, en favor do remate do réxime do apartheid ao que Israel somete ao pobo Palestino.

Cre que como corporación municipal da Capital de Galicia, sería vergoñento quedar a marxe, e manter ese silencio cómplice sobre a nova agresión militar que exerce Israel sobre o pobo Palestino.

Resalta que esta mesma moción serviu de base para unha declaración institucional unánime da corporación municipal de Vigo, onde están presentes os mesmos tres grupos que aquí están. Hoxe mesmo na Comisión de Exteriores do Congreso dos Deputados, o Ministro de Asuntos Exteriores, o Sr. Margallo, por fin, rompía o seu silencio e falaba do desastre humanitario do cesamento das hostilidades, da necesidade da negociación e urxía a unha resolución das Nacións Unidas para acabar con este conflito e restaurar a paz en Palestina.

Sometida a votación a toma en consideración da urxencia desta moción, queda rexeitada por 11 votos a favor, correspondentes aos membros presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e aos do BNG, e 13 votos en contra correspondentes aos membros do grupo municipal do Partido Popular, ao non acadar o quorum esixido da maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

O señor Cela Díaz defende a toma en consideración da urxencia da moción do BNG relativa á mellora da seguridade no trazado ferroviario

Lembra o señor Cela que ven de cumprirse un ano da fatídica traxedia de Angrois, o peor accidente ferroviario da historia de Galicia, e o maior das catro últimas décadas no Estado Español que se cobrou a vida de oitenta e unha persoas, e no que máis de cento corenta resultaron feridas de diferente consideración, e algunhas das cales sufrirán secuelas físicas e psíquicas toda a súa vida.

O grupo municipal do BNG, levou ao primeiro pleno que se celebrou tras aquela traxedia, en concreto o 26 de setembro do pasado ano, unha proposición para corrixir as medidas de seguridade nese tramo.

Daquela conseguiron, despois de consensuar unha redacción entre os tres grupos con representación neste pleno, que esa iniciativa se aprobara por unanimidade.

O que pedían era a revisión das condicións das entradas ferroviarias en Santiago, e a implantación dun sistema de seguridade axeitado ás condicións desa vía. Un ano despois seguen agardando, e aquela petición conxunta desta corporación ficou en papel mollado.



Neste aniversario, moitas das vítimas, denunciaron publicamente que a única homenaxe que querían era coñecer toda a verdade, depurar responsabilidades, e garantir que algo así non volva a acontecer. Os pasos que se están a dar dende o seu punto de vista non van nesa dirección. O PP dende o goberno do Estado, un ano despois, non implantou o sistema RTMS e limitouse á colocación de novas balizas, e a limitar a 30 quilómetros por hora o paso pola curva da Grandeira.

Tampouco facilitou que se coñecera toda a verdade sobre o acontecido, por unha banda, coa pouca entusiasta colaboración do ADIF e Renfe coa investigación xudicial, e por outra, sumando os seus votos cos do partido socialista para evitar sendas comisións de investigación no Parlamento de Galicia e no Congreso dos Deputados, tal e como demandaron dende o BNG, nas que se puidesen abordar aspectos complementarios á investigación xudicial e á puramente técnica.

Moitas cidadás e cidadáns non se explican porque se non hai nada que ocultar, se vetan esas comisións. Outros cren que esa unidade de acción ten máis que ver co feito de que o estudo informativo se aprobase con Álvarez Cascos, que a modificación do trazado e o adianto da apertura con José Blanco, e que a pesar desas circunstancias, os trens seguisen a circular coa Señora Ana Pastor.

No BNG non van parar ata que se corrixa o que haxa que corrixir, para que unha catástrofe así non se volva a repetir. Non poden pasar por menos, e ten que ser xa, pois é o mínimo que se lles debe ás vítimas e aos seus seres queridos, pois tanta dor e sufrimento non pode ser en balde.

Opina que hai un ano o Concello de Santiago no seu conxunto estivo á altura das circunstancias, ante unha situación moi difícil e para a que ninguén está nunca preparado ao 100%. Estiveron á altura bombeiros, policía local, protección civil, traballadores/as do Cersia e de todo o resto de departamentos; estivo á altura o goberno e tamén a oposición na resposta inmediata á traxedia, no difícil acompañamento nos días posteriores ás familias, e no recoñecemento ao traballo e entrega das veciñas e veciños de Angrois e dos servizos públicos que alí estiveron. Por iso di que agora tamén como corporación cómpre novamente estar á altura das circunstancias e do que demanda a sociedade.

Cómpre ser esixente e demandar ao Ministerio de Fomento, ADIF e a Renfe a revisión inmediata das condicións das entradas ferroviarias a Santiago e a implantación, dunha vez, do sistema RTMS en todo o trazado desta liña.

Sometida a votación a toma en consideración da urxencia desta moción, queda rexeitada por 11 votos a favor, correspondentes aos membros presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e aos do BNG, e 13 votos en contra correspondentes aos membros do

grupo municipal do Partido Popular, ao non acadar o quorum esixido da maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

Don Alejandro Sánchez-Brunete pide o uso da palabra ao amparo do artigo 79 do Regulamento, e sen entrar no fondo do debate, quere explicar que a razón do grupo do popular de non considerar a urxencia da moción é porque eles aínda consideran vixente o acordo unánime deste pleno, no que literalmente se instaba ao Ministerio de Fomento á implantación do sistema de seguridade máis axeitado ao trazado de entrada a cidade, en función das conclusións que se derivasen da investigación que se está a realizar.

A seguir dona Mercedes Rosón defende a toma en consideración da urxencia da moción relativa á revisión da normativa para a instalación de terrazas.

A señora Rosón explica que a principios do ano 2012 o pleno aprobaba a ordenanza reguladora das terrazas e quioscos de hostalería, unha ordenanza que foi modificada ao longo destes dous anos en varias ocasións. Probablemente este foi o tema que máis veces veu ao pleno nos tres anos que levan de mandato. Trátase dun tema que alentou bastantes controversias e discusións.

O voto do seu grupo foi sempre desfavorable, por estar en desacordo co fondo e a forma da mesma, por facela coa presa coa que se fixo, por facela por urxencia, sen falar con ningún interesado, reproducindo unha ordenanza dunha cidade cunha escala moi diferente á nosa, e sen atender á realidade de Compostela.

Eles daquela xa anunciaron que a ordenanza tería que ser modificada, e o tempo non tardou en darlles a razón, e non foron axustes pequenos, senón modificacións de calado levadas a cabo a través de dez decretos que a anterior concelleira asinou para ir resolvendo temas varios que ían aparecendo; decretos que non ofrecían todas as garantías legais, porque plantexaban cambios nos contidos da ordenanza, algo que é competencia clara do pleno, e que polo tanto, tiñan que ser previamente aprobados a través dunha modificación da mesma, o que dá idea da chapuza que significou o proceso.

Son conscientes do importantísimo valor e o gran atractivo que para todas as cidades teñen as terrazas, dende o punto de vista turístico, de ocio e social, pois son espazos de encontro e de relación. Tamén o son do importantísimo peso que o sector da hostalería ten na nosa cidade, sen dúbida algunha, neste momento, un dos maiores motores económicos, que coa entrada en vigor da lei antitabaco tivo que facer fronte a un descenso nos seus ingresos.

A normativa sobre terrazas é moi recente en todas as cidades españolas, porque responde a un fenómeno que foi crescendo nos últimos vinte anos, e na nosa cidade, este fenómeno viña acompañado da recuperación de espazos públicos, prazas e rúas.

Está claro que hai que dar respostas ás necesidades e aos intereses de todos os sectores, pero compaxinándoos e facéndoos convivir cos intereses dos cidadáns. Esa foi sempre a súa filosofía, e dende logo, non a calquera prezo.

A súa preocupación, expresada ao longo destes anos pola aplicación desta normativa confírmase coa aparición por parte de toda a cidade en xeral, e no casco histórico en particular, de estruturas fixas de gran envergadura, claros exemplos de invasión e privatización do espazo público.

Isto está a ocorrer con terrazas como a de Porta Faxeira, ou Fonte Sequelo, e con outras máis dentro e fóra da cidade histórica. Destaca o extremo ao que se pode chegar cunha normativa que desprotexe o público, e mesmo permite que esa desprotección se produza de costas aos representantes públicos. En definitiva, o feito de que se outorgue unha licenza de terraza estable no corazón da cidade, dunha cidade que é patrimonio da humanidade, integrada nunha fachada dun edificio catalogado, e que ademais é un edificio público, rompendo a lectura arquitectónica deste entorno, supón unha proba irrefutable de que con esta normativa hai barra libre en Compostela.

Engade que todo isto sen que teña pasado pola Comisión de Patrimonio Histórico, e polo tanto, sen ningunha instancia de representación colexiada dos cidadáns, á que tamén pertence a Universidade de Santiago de Compostela, que é a propietaria deste edificio do que está a falar, teña coñecemento do feito. Nin a Xunta de Galicia que está representada na Comisión do casco histórico, nin a Universidade de Santiago de Compostela, nin os técnicos que forman parte da ponencia técnica da mesma, nin a oposición, nin cre, que moitos dos membros do equipo de goberno.

Se se altera a fachada do edificio, se se altera todo o espazo e todo o ámbito, se se nivela o chan, isto ten que ser valorado pola comisión de patrimonio, pois está estritamente reflectido entre os seus obxectivos

Relata que esta semana coñeceron que o Concello de Barcelona, está a reflexionar sobre a súa ordenanza de terrazas. É dicir, unha cidade que ten unha presión turística moi importante, a unha escala diferente á nosa, pero importantísima, a máis importante de España probablemente, está precisamente neste momento a reflexionar sobre todo o tema das terrazas, e os diferentes elementos fixos que se están plantexando no mesmo.

A súa preocupación é que detrás destes proxectos cheguen outros máis que verán lexítima a ocupación de espazos públicos para beneficio individual. Neste sentido dí que o grupo municipal socialista pide tres cousas:

Que se revise inmediatamente a normativa para a instalación de terrazas redactada polo goberno anterior.

Que se leve a cabo a revisión e inspección do executado para ver se se corresponde co proxecto presentado para a concesión da licenza.

E por último, que se paralicen as licenzas de elementos fixos que se están a tramitar ata que non se revise dita ordenanza.

Sometida a votación a toma en consideración da urxencia desta moción, queda rexeitada por 11 votos a favor, correspondentes aos membros presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e aos do BNG, e 13 votos en contra correspondentes aos membros do grupo municipal do Partido Popular, ao non acadar o quorum esixido da maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

Don Francisco Reyes defende a toma en consideración da urxencia da moción do grupo municipal socialista do Concello de Santiago relativa á defensa dos rexistros civís e en contra da privatización do servizo.

Dí o señor Reyes que logo de máis de 143 anos de historia como servizo público prestado polo Estado, o actual goberno central por Decreto-Lei, decretou unilateralmente a privatización do Rexistro civil.

A entrega manu militari da súa xestión aos rexistradores mercantís, aprobouse en Consello de Ministros e publicouse no BOE, agochada entre as disposicións adicionais do Real Decreto Lei 8/2014, de 4 de xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

A aprobación deste Real Decreto-Lei supón:

Primeiro, privatizar un servizo público, poñendo nas máns dunha corporación de rexistradores mercantís, millóns de datos persoais e privados de todos os españois, que ata agora contan co control do Estado.

É necesario non esquecer que os rexistradores actúan como empresas organizadas, que poden contratar ou despedir aos seus empregados.

Segundo, privatizar un servizo público que funciona óptimamente, que chega ao último rincón de España e que conta co apoio de toda a cidadanía.

Un servizo público no que se investiron máis de 130 millóns de euros na última década, para a súa modernización tecnolóxica, investimento do que se van aproveitar os seu novos propietarios.

Terceiro, coa privatización o cidadán terá que pagar por un servizo ata agora gratuíto, posto que ata hoxe os rexistros civís se financian vía impostos dende os orzamentos xerais do Estado.

Os custos de xestión e funcionamento en mans dos rexistradores mercantís terán que pagalos os cidadáns, cando o goberno o decida, o que podería acontecer en calquera momento, ou unha vez finalice o período electoral previsto para os anos 2014-2015.

Ademais, hai que ter en conta, que as sedes dos rexistradores mercantís son limitadas, e polo tanto, o cidadán non terá como agora o seu rexistro civil na sede de cada Xulgado de Paz, que desaparece como sede rexistral, polo que terán que se desprazar como mínimo, ata sede rexistral, por exemplo, en todos os casos en que sexa nos que sexa necesaria a súa presenza física para o outorgamento das fes de vida, e de estado que se lles requiran.

Cuarto, a privatización do Rexistro Civil supoñerá o trasvasamento de máis de tres mil funcionarios en toda España, o que provocará non só a aplicación retroactiva de dereitos de destino adquiridos, e a reordenación obrigatoria sen a aprobación das RPTs correspondentes, senón tamén o efecto cascada de desprazamentos e cesamentos de todos os funcionarios interinos que ocupen prazas vacantes.

Ditos efectos a pesar de afectar directamente ás condicións de traballo dos empregados xudiciais non foron negociadas previamente nas mesas de negociación, pois a privatización se acordou xa por un decretazo.

A seguir dá lectura á parte dispositiva da moción.

Sometida a votación a toma en consideración da urxencia desta moción, queda rexeitada por 11 votos a favor, correspondentes aos membros presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e aos do BNG, e 13 votos en contra, correspondentes aos membros do grupo municipal do Partido Popular, ao non acadar o quorum esixido da maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

Don Rubén Cela Díaz defende a toma en consideración da urxencia da moción relativa á situación na que se atopa actualmente o Polígono Industrial da Sionlla e tamén para esixir o remate das obras pendentes no mesmo, dun xeito inmediato.

O señor Cela expón que a Xunta de Goberno do Concello de Santiago, nunha sesión extraordinaria e urxente que tivo lugar o día 20 de novembro de 2012, adoptaba o acordo de recepcionar as obras definidas no proxecto sectorial e construtivo do Parque Empresarial da Sionlla, que foran executadas por XESTUR. A recepción total da obra estaba condicionada ao cumprimento dos compromisos adquiridos con XESTUR. En concreto, no prazo máximo de catro meses, a xerencia de XESTUR comprometeríase a teren rematadas as obras que non se tiñan acometido por diferentes motivos.

Naquel intre, ficaban pendentes de rematar: a rede de acometida de auga potable dende a zona norte, a acometida e o soterramento da rede de enerxía eléctrica de alta tensión que discorre sobre os terreos do SUNP-37 que daría servizo á subestación de transformación, e o tramo do viario arbitral nos extremos, un tramo importante que ten que conectar coa autoestrada AP-9, e outro nas proximidades do enlace da nacional 550.

Xunto a estas tres cuestións, absolutamente fundamentais para o desenvolvemento desta área industrial, faltaban outras cuestións de xardinería, mobiliario urbano, sinalización viaria e cableado de alumado público e outros equipamentos, ademais de existir signos evidentes de deterioro nalgúns elementos de carácter menor, como postes de luminarias, papeleiras, tapas de rexistro de diferentes redes, ou elementos de seguridade viaria, que foron acrecentándose no transcurso destes case dous anos.

Dende o Bloque Nacionalista Galego cren que unha parte importante do futuro inmediato de Santiago, pasa por ese polígono industrial, que ten un evidente potencial pola centralidade política e xeográfica de Santiago, pola cercanía ao aeroporto central de Galicia, pola conectividade cos principais viais de alta capacidade que vertebran o noso país e que nos comunica co resto da península.

Trátase ao seu xuízo, dunha actuación absolutamente estratéxica para Santiago, estratéxica de cara a unha maior diversificación da actividade económica de Compostela, ao reforzo da súa cativa industria e tamén dende unha perspectiva de creación de novos postos de traballo e de reactivación económica.

Transcorridos, case dous anos, dende aquela, á vista do evidente incumprimento de XESTUR e á vista de que o Polígono da Sionlla é un auténtico deserto, onde agás Mercadona, só se instalaron toxos e xestas nas máis de cen parcelas baleiras, resulta evidente que algo falla máis aló dos efectos da crise económica. Por ese motivo, o grupo do BNG a través desta moción, solicita basicamente tres cousas, en primeiro lugar,

explicacións, de por qué non se acometeron esas obras pendentes, e que xestións fixo o Concello de Santiago ao longo deste tempo para solventar esa situación.

En segundo lugar, a execución inmediata das obras pendentes e garantir a inclusión do enlace coa estrada AP-9 nas obras de ampliación desa autoestrada.

En terceiro lugar, unha revisión da política de prezos e de captación de investimentos.

Sometida a votación a toma en consideración da urxencia desta moción, queda rexeitada por 11 votos a favor, correspondentes aos membros presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e aos do BNG, e 13 votos en contra correspondentes aos membros do grupo municipal do Partido Popular, ao non acadar o quorum esixido da maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

Non habendo máis puntos na orde do día, o señor Alcalde dá por finalizada a sesión cando son ás dezanove horas e dez minutos. Dou fe.